

DEPUTACION PROVINCIAL

A CORUÑA

**ACTA da Sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 29 de JUNIO DE 2001**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 29 de xuño de 2.001, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

- 1.-Aprobación das actas plenarias seguintes: extraordinaria nº 6/01 do 16 de maio e ordinaria nº 7/01, do 30 de maio.
- 2.-Toma de coñecemento das Resolucións de Presidencia, da nº 8.900 deica a nº 10.799, do ano 2001.
- 3.-Convenio coa fundación Federico Maciñeira para o financiamento do programa de actividades culturais para o ano 2001.
- 4.-Convenio coa Asociación Sociocultural Horizontes para o financiamento de obradoiros de formación.
- 5.-Convenio coa fundación Fernández Latorre para o financiamento do proxecto de “Ampliación e reforma do Museo Editorial e de Artes Gráficas da Voz de Galicia-Fundación Fernández Latorre”.
- 6.-Convenio co Consello Xeral do Poder Xudicial para o financiamento da Escola de Verán.
- 7.-Aprobación do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e as empresas subministradoras de enerxía eléctrica para regular a instalación de liñas eléctricas nas marxes das estradas provinciais.
- 8.-Aprobación do proxecto reformado da obra Área de ocio e praia fluvial en Ribadiso, pl., do concello de Arzúa, incluída no Plan 2000 infraestructuras anualidade 1997. Código 97.3400.0015.0.
- 9.-Aprobación do proxecto reformado da obra construción de beirarrúas en Coirós, incluída no Plan 2000 infraestructuras, anualidade 1999. Código 99.3400.1127.0.
- 10.-Aprobación do cambio da obra Cerramento parcial e mellora de parque paseo marítimo, código 00.3440.0273.0, pola denominada Traballos que se van realizar en parques infantís Fontán-Sada e Carta-Mondego, código 00.3440.0310.0 do concello de Sada, incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan de protección do ambiente, 1999-2000.
- 11.-Aprobación da modificación do proxecto Pavillón polideportivo en Taragoña en Rianxo, incluído na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 deportes. Código 00.3420.0141.0.
- 12.-Aprobación do cambio de parcela da obra Área recreativa en parcela adxacente ó río Arteixo, do concello de Arteixo, incluída na 2ª fase da anualidade 2000 do Plan de protección

do ambiente 1999-2000, que pasa a denominarse Área recreativa en Quinto Pino-Pastoriza. Código 00.3440.0289.0.

13.-Proxecto reformado da obra Parque de bombeiros e protección civil de Boiro.

14.-10ª fase do Plan de recuperación de arquitectura popular.

15.-Subvención nominativa á Feira de Mostras do Noroeste, ano 2000.

16.-Aprobación dos proxectos técnicos de parte das obras incluídas no Plan Complementario ó Programa Operativo Local 2001 con documentación administrativa e técnica completa

17.-Bases para a prestación de servizos tributarios ós concellos da provincia.

18.-Provisión de xefe do Servizo de Asistencia Económica a Municipios da Deputación Provincial da Coruña.

19.-Aprobación do proxecto básico: Bases de acción da deputación para o desenvolvemento da Sociedade da Información e o coñecemento na provincia da Coruña.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 29 DE JUNIO DE 2001.

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, sendo o día 29 de xuño de 2.001, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSE MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSE LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSE GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ. GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON MANUEL MIRAS FRANQUEIRA	PSOE
DON MANUEL MOSCOSO LÓPEZ	PP
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON FRANCISCO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE

DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON JOSÉ TOJA PARAJÓ	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESUS VILLAMOR CALVO	PP

Escúcase o Sr. Mosquera Maceiras.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario procede a le-los asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos nos que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.-APROBACIÓN DAS ACTAS PLENARIAS SEGUINTE: EXTRAORDINARIA Nº 6/01 DO 16 DE MAIO E ORDINARIA Nº 7/01, DO 30 DE MAIO.

Aprobáanse as actas das sesións plenarias seguintes: extraordinaria celebrada o día 16 de maio, nº 6/01, e ordinaria celebrada o día 30 de maio, nº 7/01.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DE PRESIDENCIA, DA Nº 8.900 DEICA A Nº 10.799, DO ANO 2001.

A Corporación toma coñecemento das resolucións da presidencia, da nº 8.900 deica a nº 10.799, do ano 2001.

3.-CONVENIO COA FUNDACIÓN FEDERICO MACIÑEIRA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS PARA O ANO 2001.

INTERVENCIONS

Sra. Santiago López

A miña intervención vai tratar conxuntamente o punto 3, 4, 5 e 6, aínda que son puntos diferentes, si que queremos facer un tratamento conxunto, e sobre todo por unha circunstancia que xa viñemos comentando desde hai algúns plenos. O noso voto vai ser negativo nestes puntos porque consideramos que é necesaria unha revisión da forma de chegar a convenios que está mantendo agora mesma a Deputación provincial, aínda que moitos destes convenios son o froito da plasmación en papel desas subvencións nominais que aparecen dentro do orzamento, si que é ben certo que levamos un gran número destes convenios que veñen sendo obxecto de informe negativo por parte da Secretaría Xeral desta deputación. E paréceme que sería o momento oportuno, xa o anunciabamos noutros plenos, para que se fixera unha pequena parada, reflexionárase sobre o tema, e retomárase a fórmula para facer e levar adiante estes convenios. Non queremos entrar en quén merece máis, nin quen merece menos, si que é certo que cada un destes puntos ten as súas peculiaridades, algún poderíamos calificalo como chapuza, pero ben, por outra parte sorpréndenos, por exemplo, o tratamento tan diferenciado dunha asociación con respecto das outras que entran dunha forma xenérica nas subvencións de convocatoria anual.

(Auséntase o Sr. Poza Domínguez)

Pero si que queremos, deixando un pouco de lado estas especificacións de cada un destes convenios, insistirei de novo na necesidade que hai de retomar o tema dos convenios, e cando menos, farei unha pequena reflexión á vista de tódolos puntos que veñen reflectidos nos informes de Secretaría, e dunha vez por todas tomar conciencia da necesidade que hai de intentar elaborar unhas bases xenéricas, aínda que con puntos abertos que faciliten distintas tipoloxías de entidades con actividades de interese para a provincia que poidan participar, si que é certo que, como dicía, cómpre que se abra unha convocatoria para poder así cubrir polo menos un dos puntos dos que se fala, con referencia á publicidade e concorrencia neste tipo de subvencións nos informes de Secretaría.

Insistimos en que é unha necesidade imperiosa, vemos que de día en día os informes son máis duros, e creo que é o momento para facer unha reflexión seria sobre os contidos e sobre as necesidades reais de chegar a convenios, e sobre a forma en que se chega a estes convenios, é dicir, publicidade, concorrencia, etc., etc.

Sr. Varela Rey

Lamentamos que a posición do Bloque sexa negativa respecto ó financiamento, axuda, colaboración, por parte desta entidade, por parte da deputación, con temas tan importantes como pode ser a Fundación Federico Maciñeira, ou a Asociación Socio Cultural Horizontes, ou a Fundación Fernández Latorre, ou a proposta de escola de verán, dentro do que é o Consello Xeral de Poder Xudicial. Desde o grupo de goberno entendemos que a maior publicidade que pode haber é que tres destes puntos están aprobados no orzamento

para o ano 2000, están fixadas as cantidades, e polo tanto é unha tramitación de transparencia, de publicidade, total, e polo tanto nosoutros entendemosque hai un interese público manifesto, e entendemos que se cumpren tódolos requisitos de carácter formal, e sobre todo que se cumpre unha promoción en distintos ámbitos, pois é un tema para colaborar co Consello de Poder Xudicial para o tema da escola de verán, por outro lado esa ampliación e reforma do Museo Editorial de Artes Gráficas de La Voz de Galicia, Fundación Fernández Latorre, pois para recoller seguramente unha boa parte doque é a historia viva da nosa provincia, ou o convenio coa Asociación Socio Cultural Horizontes dentro do que pode ser unha promoción de emprego e mellora de aspectos relacionados co mundo laboral, e a Fundación Federico Maciñeira, que seguramente aínda que está situada no concello de Ortigueira, que transcende ó que é o propio concello, para ser un pouco o referente dentro do que é toda a zona da costa norte da provincia da Coruña.

(Entra no salón o Sr. Rodríguez Rodríguez)

E polo tanto, nosoutros solicitamos o apoio para estes convenios, reitero que foron aprobados en Pleno desta cámara, que tiveron o seu período de exposición, e que en todo caso, calquera outra proposta, que teña as mesmas consideracións, que teña as mesmas motivacións, que teña a atención que poidan ter estes, que desde o grupo de goberno estase aberto ó estudio de calquera proposta que sexa parecida, que sexa na liña da sintonía que son estas catro que imos tratar conxuntamente. Aínda que son diversas, ó final isto afecta ó que é, digamos, o ámbito da cultura, o ámbito, digamos, que de aspectos sociais da nosa provincia, e sobre todo que afecta á mellora da calidade de vida dos nosos cidadáns en cada un dos aspectos singulares, e polo tanto nosoutros non temos ningunha dúbida en apoiar estas propostas, ou en estudar calquera outra que viñera na mesma liña. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 Deputados (15 -PP e 10 -PSOE)

Votan en contra: 4 Deputados (BNG)

Abstéñense: 1 Deputado (PSOE) por ausentarse na deliberación do asunto en non estar presente no momento da votación, art. 74.1 do Regulamento Orgánico.

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar a subscrición dun convenio coa Fundación Federico Maciñeira para o financiamento do programa de actividades culturais para o ano 2001, cunha achega da deputación de 25.115.000.- ptas., segundo o seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Federico Maciñeira para realizar diversas actividades culturais no ano 2001.

A Coruña, de de dous mil un, na sede da Deputación provincial.

REUNIDOS

D. José Luis Torres Colomer, presidente da Deputación da Coruña.

D. Antonio Campo Fernández, alcalde-presidente do Concello de Ortigueira e presidente da Fundación Federico Maciñeira.

MANIFESTAN

Que ámbalas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña é membro fundador e vocal do padroado da Fundación Federico Maciñeira, en virtude do acordo plenario do 25 de febreiro de 2000.

Que a Deputación da Coruña, que entre as súas competencias se encontran tanto o fomento como a administración dos intereses pecuiares da provincia, é conscente da importancia que para o desenvolvemento da zona norte dela, e máis concretamente da comarca de Ortegal e os seus municipios limítrofes, ten a protección e recuperación do patrimonio histórico, monumental e cultural, o cal constitúe un dos fins principais da mencionada fundación.

Que en virtude das consideracións anteriores a Deputación da Coruña e a Fundación Federico Maciñeira acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

O presente convenio ten por obxecto a colaboración da Deputación Provincial da Coruña no financiamento das actividades culturais que a seguir se relacionan:

- * Redacción do estudio Ortegalia 2001.
- * Inauguración do centro cultural Federico Maciñeira.
- * Semanas culturais.
- * Cursos de formación continuada.

A achega da deputación será de 25.115.000.- ptas.

SEGUNDA.-

Os gastos que supón a realización das actividades relacionadas na cláusula anterior distribúense da forma seguinte, e a porcentaxe de financiamento para a totalidade dos proxectos é do 58,25%:

Redacción do estudio Ortegalia 2001	19.500.000.-
Inauguración do c. cultural Federico Maciñeira	21.815.000.-
Semanas culturais	5.990.000.-
Cursos de formación continuada	5.810.000.-

A achega da deputación non será incompatible coa percepción doutras achegas, públicas ou privadas, para o mesmo fin, e destinarase ó financiamento dos gastos arriba mencionados, segundo o detalle deles, que no orzamento, que se xunta como anexo, recóllese.

TERCEIRA.-

A Fundación Federico Maciñeira comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o cal se conceden, facendo constar de forma expresa a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade e divulgación que das actividades se realice. A Deputación poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

CUARTA.-

A Fundación Federico Maciñeira comprométese coa Deputación da Coruña ás seguintes contraprestacións:

- * Entregar catro exemplares do estudio Ortegalia 2001.
- * Expoñer material publicitario e publicacións da Deputación na caseta expositiva das semanas culturais.
- * Reservar un cinco por cento de totalidade das prazas nos cursos de formación continuada, tanto para persoal da Deputación da Coruña como para universitarios designados por ela.

QUINTA.-

O importe da cantidade sinalada na cláusula primeira será transferido á Fundación Federico Maciñeira, da forma seguinte:

1.- O 50% da cantidade sinalada na cláusula primeira aboarase á sinatura do presente convenio, para atender ás actividades preparatorias deste, e trala presentación previa de aval polo citado importe.

2.- O 50% restante, conforme se vaian xustificando os gastos habidos, e por un importe do 58,25% das cantidades xustificadas, sempre que non superen o importe da achega mencionada.

Os xustificantes materializaranse por medio de certificacións detalladas dos gastos habidos, nas que deberán constar, tódalas achegas de entidades públicas e privadas que, ademais, puidesen percibir para financiar os gastos xustificadas.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto minorarase a achega da deputación ata a cantidade realmente xustificada.

No caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da deputación non superará a cantidade de 25.115.000.- ptas., que se establece na cláusula primeira.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos, non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

Os pagamentos requirirán informes favorables da Sección de Cultura e Deportes, e dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

A falta de xustificación no prazo sinalado, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ó reintegro do importe percibido e non xustificado, ó que se lle engadirá o correspondente xuro de mora, calculado desde a data da achega do primeiro prazo.

SEXTA.-

O seguimento da execución do convenio será realizado pola Sección de Cultura e Deportes da Deputación, constituíndose, ademais, unha comisión mixta que, integrada por dous representantes de cada unha das partes, resolverá as controversias que puideran surxir.

SÉTIMA.-

Este convenio terá vixencia ó longo dun período dun ano, contado desde a data da súa sinatura, debendo presentarse a xustificación documental dos gastos derivados del antes do 30 de novembro de 2002.

OITAVA.-

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que puideran surxir tocante a el serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa.

Así o din, asinan e outorgan no lugar e data indicados na cabeceira.

ANEXO

Orzamento das actividades culturais que ha realizar a Fundación Federico Maciñeira no ano 2001.

1.-Estudio “Ortegalia 2001”.-

Estudio do patrimonio histórico, monumental e paisaxístico da comarca de Ortegal. Estado actual, valoración e posibles liñas de desenvolvemento.

Asistencia técnica	5.000.000.-
Dirección	1.500.000.-
Xestión	1.530.000.-
Outros profesionais	110.000.-
Compensación colaboración	260.000.-
Publicidade, propaganda e relacións públicas	280.000.-
Subministración	10.000.-
Telefonía e faxes	186.000.-
Alugamentos e cánones	280.000.-
Reparacións e conservación	71.000.-
Correos e mensaxeiros	13.000.-
Viaxes	13.000.-
Material funxible	170.000.-
Outros servizos	87.000.-
Subtotal	9.500.000.-

2.-INAUGURACIÓN DO CENTRO CULTURAL FEDERICO MACIÑEIRA. EXPOSICIÓN E CHARLAS.

Exposición inaugural do centro cultural con charlas que, versarán sobre o patrimonio cultural da comarca de Ortegal e sobre a figura de Federico Maciñeira.

Producción e montaxe de paneis	4.000.000.-
Montaxe de maquetas	6.000.000.-
Montaxe de diaporamas	2.000.000.-
Iluminación	3.000.000.-
Ponencias	1.000.000.-
Documentación, bibliografía e publicacións	2.000.000.-
Dirección e comisionado	2.000.000.-
Xestión	1.000.000.-
Material funxible	450.000.-
Subministración, telefonía e faxes	150.000.-
Mantemento, reparacións e conservación	100.000.-
Alugamentos e cánones	30.000.-
Outros gastos	75.000.-
Subtotal	21.815.000.-

3.-SEMANAS CULTURAI.

Presentación, conferencias e caseta expositiva.

Deseño	1.450.000.-
Merchandising	975.000.-
Publicacións	800.000.-
Gastos de viaxes, atención a invitados, ponencias	500.000.-
Colaboracións	200.000.-
Dirección	500.000.-
Xestión	500.000.-
Material funxible	540.000.-
Alugamentos e cánones	270.000.-
Subministración	15.000.-
Telefonía e faxes	200.000.-
Outros gastos	40.000.-
Subtotal	5.990.000.-

4.-CURSOS DE FORMACIÓN CONTINUADA.

Cursos dirixidos a universitarios sobre metodoloxía de excavacións arqueolóxicas.

Dirección	1.000.000.-
Xestión	925.000.-
Profesionais independentes	1.875.000.-
Visitas guiadas	500.000.-
Material funxible e bibliografía	1.000.000.-
Subministración	50.000.-
Telefonía e faxes	350.000.-

Outros gastos		110.000.-
	Subtotal	43.115.000.-

2.-Facultar á Presidencia para realizar actuacións precisas para a súa subscrición.”

4.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL HORIZONTES PARA O FINANCIAMENTO DE OBRADOIROS DE FORMACIÓN.

INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Debo dicir en primeiro lugar que cando recibimos a orde do día deste Pleno, recibimos unha ingrata, coñecemos algo que non nos resulta agradable, é dicir, ata agora había unha porcentaxe moi alta dos temas que se trataban na orde do día dos reformados de proxectos, e hoxe introdúcese un tema máis, que son os convenios, e é algo que consideramos que é preocupante, non nos gustaría que a partir de agora os plenos foran convocados para tratar maioritariamente reformados de proxectos e novos convenios, porque poñeríamos en marcha un mecanismo que consideramos que é pernicioso para a deputación. Non estamos, en liñas xerais, consonte cos convenios porque supón unha acción bilateral, que pon de manifesto unha falta de publicidade, de concorrencia e de transparencia na acción da deputación. Podemos entender que se fagan convenios puntuais sobre temas moi singulares, pero non entenderíamos que se xeneralizase a acción da deputación a través de convenios con distintas organizacións e entidades públicas ou privadas, porque isto pon de manifesto unha ausencia de política estrutural, o que pon de manifesto é que imos a remolque das iniciativas particulares, e nosoutros non temos iniciativas.

Polo tanto, sorprendémonos desfavorablemente cando vimos este pleno, o contido deste pleno, porque ademais do xa habitual, dos proxectos reformados, introdúcese un elemento novo, como é o tema dos convenios.

E con respecto ós convenios, votamos favorablemente o punto nº 3; imos votar en contra o punto nº 4 e imos votar a favor o nº 5 e o nº 6, sabendo que o nº 6 é simplemente revestir de legalidade un acto irregular que xa se produciu, porque para que a deputación asine un convenio, primeiro hai que aprobar o convenio aquí, e hai que autorizar ó presidente ou ó deputado que sexa, para que asine ese convenio, e este convenio asinouse sen ter a aprobación do pleno, subsánase no punto nº 6, subsánase esta irregularidade coa aprobación do convenio.

Pero a reflexión que eu quería facer, á parte da primeira, que non sería bo que proliferasen os convenios, é que podemos entender que se faga un convenio singular coa fundación Fernández Latorre, e mesmo podemos entender, e é bo, que se faga un convenio co Consello do Poder Xudicial para a formación continuada de xuíces e maxistrados, co que supón da presenza na cidade da Coruña, na provincia da Coruña, de altas personalidades da maxistratura. Pero o que non entendemos é como se fan outros convenios, e aquí expresamos a

nosa preocupación, como é o da Asociación Socio Cultural Horizontes para o financiamento de obradoiros de formación, con 3.400.000.- pesetas. Isto non é un feito singular, coma os outros tres, que requiren dun convenio, dunha actuación singular; esta é unha actuación que ten cabida dentro dos programas de subvencións da deputación, e haberá que dicirle á xente se vostede quere unha axuda económica da deputación, solicite unha axuda dentro dos programas de subvencións que ten a deputación. Porque non nos parece lóxico facer un convenio de algo que non ten ningunha transcendencia, e que ten cabida, como digo xa, no tema das subvencións, pero é que é unha asociación que no artigo 27 dos estatutos di que o límite do orzamento anual non excederá de 18.000 pesetas, e non está aprobado no ano 40, cando 18.000 pesetas era unha cantidade importante, ou nos anos 20, ou nos 50; están aprobados estes estatutos o 14 de marzo de 1999. E a unha asociación que non sabemos quen é, non sabemos que fixo, nin cómo funciona, que se constituíu o 14 de marzo do 99, cunha autolimitación orzamentaria de 18.000 pesetas, que eles mesmos se autoimpoñen, a deputación vai darlle 3.400.000.- pesetas, non para facer cursos, senón para comprar instalacións de cociña e perruquería.

Polo tanto, reitero: preocúpanos que se poña de moda a proliferación de convenios na deputación. Non estamos en contra de que a deputación chegue a acordos puntuais sobre temas que merecen unha actuación singular e que non poden englobarse nas políticas de subvencións que ten a deputación, e todo aquilo que teña cabida dentro das políticas de subvencións, que vaia pola vía das subvencións, porque estamos furtando os demais da oportunidade de ter tamén dereito a estas cuestións. Xa digo que o convenio é un convenio que atenta contra a publicidade, contra a transparencia, e contra a libre concorrència.

Polo tanto, imos votar en contra do punto nº 4; imos votar a favor do convenio coa Fundación Fernández Latorre; e imos votar tamén a favor do convenio co Consello Xeral do Poder Xudicial. E queda o rogo e a reflexión de que non convertamos os futuros plenos desta deputación en plenos de reformados e plenos de convenios.

Sra. Santiago López

Pola nosa parte si que somos contrarios a que se fagan acordos puntuais, cremos que é posible e factible que se abra unha vía que permita, dentro duns canles determinados, que existan especificidades por parte das entidades, é dicir, proxectos de difícil colocación noutros programas, si cremos que pode ser factible que haxa unha vía especial para proxectos especiais

E referíame na outra intervención a que non queríamos entrar no que era o fondo de cada un destes convenios, nin do que quere facer cada unha das fundacións ou entidades; senón da forma, e a forma é o que nos preocupa realmente, cómo se están levando adiante os convenios, aínda que poderíamos entrar no fondo tamén, o funcionamento das fundacións moitas veces non é todo o claro que se desexaría, nin moitísimo menos, e ben, a referencia que facía anteriormente a que nun caso é unha chapuza manifesta, e noutro caso unha entidade que nin se sabe nin quen son, nin cómo funcionan, nin cáles son os seus fins, efectivamente creo que se pode entrar no fondo tamén. Pero o que nos chama a atención e o que queríamos salientar é a necesidade de retomar a vía de convenios e que se intente racionalizar esta vía.

Sr. Varela Rey

Empezo por amosar que a asociación á que nos referimos, Horizontes, está situada na cidade da Coruña, o feito de que teña 18.000 pesetas pode ser un indicativo significativo da precariedade económica que ten esta asociación, ou das precariedades económicas. Non é menos certo que esta subvención, reitero, está aprobada no orzamento para este ano, co cal eu creo que maior transparencia imposible, e non é menos certo que esta asociación está levando a cabo hai tempo xa tarefas de acollida, fundamentalmente a aqueles colectivos máis desfavorecidos, mulleres inmigrantes e colectivos con marxinação social. Creo que si estamos falando destes aspectos, e hai algunha asociación, como é Horizontes, que traballa nestes momentos, que promove formación a través de cursos de cociña ou de perruquería, que sobre todo poidan incidir neses colectivos, eu creo que nosoutros, por solidariedade, debemos apoiar, manifestar claramente incluso a nosa solidariedade tamén con esta agrupación, estamos falando dunha achega da deputación de 3.400.000.- pesetas. Se iso indica que se poida atender a determinadas persoas que reúnen as características ás que eu facía mención, eu creo que iso é unha boa acción, eu creo que iso debeo apoiar a deputación, e non soamente a un colectivo como pode ser Horizontes, senón a calquera outro que estivera traballando neste campo e na mesma situación.

Polo tanto, nosoutros temos moi claro que é un magnífico labor social, e tamén temos claro que, seguramente, nunca tan poucos convenios se trouxeron a esta cámara como na actual lexislatura, creo que podíamos mirar, historicamente, fixéronse infinitamente máis convenios dos que se están facendo arestora. E seguro que hai moi poucas institucións tamén coma a Deputación provincial, onde as convocatorias se fagan con carácter xeral, e onde os criterios de obxectividade á hora de facer o reparto económico se fagan con tanta claridade.

Polo tanto, entendemos que é importante manifestar o noso apoio, aínda que sexa economicamente con 3.400.000.- pesetas, que é unha cantidade, digamos que modesta, que é pouca, pero que a finalidade é moi importante, eu incluso creo que é un aceno que desde esta entidade debemos facer para con este colectivo.

Sr. Fernández Moreda

Eu non comparto case nada do que dixo o portavoz do Partido Popular, a solidariedade é bonita, falar da solidariedade, pero si imos ser solidarios podemos ser solidarios con moitas cousas que están funcionando xa, porque vostede fala dos labores que están facendo, de cursos de formación, de cociña, de perruquería...., si é mentira, non están facendo ningunha, entón o expediente está mal, porque os 3.400.000.- pesetas que se lles dan é xustamente para mercar a ferramenta, a maquinaria, as instalacións, para a posta en marcha de talleres de formación de cociña e perruquería, é dicir, non están facendo nada, é o que se deduce aquí, porque se están facendo cursos de formación de perruquería e de cociña, pois ¿para qué queren a maquinaria e as instalacións de cociña e de perruquería?. E por outra parte, hai moitas asociacións na provincia que fan cursos de perruquería, de encaixe, de moitas cousas, que tamén, se aplicamos o seu razoamento, terían dereito a ter un convenio singular coa deputación para apoiar a súa finalidade.

Isto é unha anécdota, 3.400.000.- pesetas no orzamento da deputación é unha anécdota. O que debe de quedar claro, ou polo menos o que nosoutros queremos deixar claro, como filosofía, é que non nos opoñemos a que a deputación, ante un feito singular, asine un convenio, que é un tratamento singular na acción da deputación, con esa institución, pública ou privada, sen ánimo de lucro, ou con ánimo de lucro, a través dun convenio. Iso apoiámolo. O que non estamos dispostos a apoiar é que actuacións que poden ser obxecto dunha subvención, e para o cal hai liñas de subvención da Deputación provincial, acúdase á vía do convenio, á vía do tratamento singular, á relación bilateral, e non se lles obrigue a ir, como ó resto das institucións, pola vía da deputación, porque estamos actuando dunha forma desigual, sen publicidade e sen concorrencia. E paréceme moi ben que haxa cursos e que sexamos todos solidarios, pero antes de nada debemos ser serios. E aquí non estamos apoiando, segundo se deduce, eu non coñezo á asociación Novos Horizontes porque creo que é de nova constitución, porque se aprobaron os estatutos en 1999, pois é unha asociación de nova constitución, dificilmente podemos ser solidarios co que fai porque ata agora, segundo o expediente, non fixo nada, coa axuda da deputación empezará a facer, se é que fai.

Polo tanto, reiterámonos no voto negativo, e creo que a filosofía exposta queda clara: o que teña que facer a deputación de forma singular, que o faga sempre que estea xustificado, e o que poida ir por outras vías que vaia por outras vías, como van por outras vías a maioría das institucións sen fins de lucro que existen na provincia.

Sr. Varela Rey

Remítome ó que acaba de dicir o voceiro do PSOE: non coñece a asociación Horizontes. E polo tanto, non teño máis que dicirlle, se non a coñece e non sabe o que fai....; nosoutros si a coñecemos, e reitérolle o que estaba dicindo, que está traballando en favor de colectivos marxinais, e polo tanto nosoutros apoiamos esa proposta, e parécenos ben, e se non a coñece, todo o que pode dicir é unha mera especulaciónn.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 Deputados (PP)

Votan en contra: 14 Deputados (10 -PSOE e 4 -BNG)

Abstéñense: ningún

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aproba-la subscrición dun convenio coa Asociación Sociocultural Horizontes para o financiamento de obradoiros de formación, cunha achega da Deputación de 3.400.000.- ptas, segundo o seguinte texto:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL HORIZONTES

A Coruña, de de dous mil un

REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da Deputación don José Luis Almau Supervía, que dá fe do acto, e,

Doutra parte, dona Teresa Catalina Naya Pérez, con D.N.I. 32.842.987 E, e domicilio para estes efectos na r/ Santiago, núm. 1 da Coruña, en representación da Asociación Sociocultural Horizontes.

EXPOÑEN

1.- Que son fins fundacionais da Asociación Socio-Cultural Horizontes, entre outros, a formación da persoa, a orientación e preparación profesional, a potenciación dos valores humanos e sociais para a mellora da comunicación interpersoal e as actividades para o tempo libre, desenvolvendo estas actividades no ámbito da provincia da Coruña.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva, e está comprometida con todo aquilo que signifique compromiso coa formación e a preparación laboral no ámbito da provincia da Coruña.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Socio-Cultural Horizontes, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: OBXECTO.-

O presente convenio ten por obxecto colaborar no financiamento do equipamento (ferramenta, maquinaria e instalacións) para a posta en marcha de obradoiros de formación de cociña e perruquería, dentro das actividades relacionadas cos fins da asociación e, especialmente, aquelas orientadas á preparación laboral.

SEGUNDA: OBRIGAS.-

A Asociación Socio-Cultural Horizontes asume a obriga de facer constar a colaboración da Excma. Deputación da Coruña en tódalos soportes que se empreguen para a difusión e divulgación das actividades financiadas por este convenio.

TERCEIRA: FINANCIAMENTO.-

A Deputación da Coruña financiará as actividades descritas cunha achega de 3.400.000.- (tres millóns catrocentas mil pesetas) co obxectivo de cubrir, pola citada cantidade, o investimento en equipamento para a posta en marcha dos obradoiros, consonte co exposto no anexo I.

A achega sinalada no parágrafo anterior imputarase á partida 0601/451H/789.99 “Outras transferencias de capital a familias, institucións sen ánimo de lucro”, do vixente orzamento provincial.

CUARTA: FORMA DE PAGAMENTO.-

A achega arriba sinalada efectuarase da forma seguinte:

1.- A cantidade de dous millóns de pesetas (2.000.000) aboarase á sinatura do presente convenio en concepto de anticipo “que se ha xustificar”, e que no caso de que non se leve a cabo o obxecto de realización do convenio haberá de ser reintegrado á Deputación da Coruña pola Asociación Socio-Cultural Horizontes, engadíndose á cantidade citada os correspondentes xuros de mora.

2.- Unha vez xustificado o anticipo a conta, o resto da achega provincial librarase en pagamentos proporcionais ás cantidades xustificadas e trala acreditación previa dos gastos efectivamente realizados, conforme á seguinte documentación:

- Entrega de xustificación documental citada na cláusula quinta.
- Informe dos Servicios de Fomento, Patrimonio e Contratación e Fiscalización.

QUINTA: OBRIGAS FORMAIS.-

A Asociación Socio-Cultural Horizontes deberá entregar a seguinte documentación xustificativa dos ingresos e os gastos en que se incorren para realizar o obxecto do convenio:

-Memoria das actividades desenvolvidas que acrediten o cumprimento dos fins e desenvolvemento das accións obxecto do convenio.

-Xustificación documental dos gastos que acredite a realización das actividades que constitúan obxecto do convenio, mediante certificación detallada de tódolos gastos directamente relacionados coas actividades, os seus importes e o período a que se refiren, ou facturas (Bases de execución do orzamento provincial 2001, 53.1B)

SEXTA: NATUREZA XURÍDICA.-

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran surxir en relación con este convenio serán competencia de xurisdicción contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas que da interpretación do convenio puideran surxir estarase ó disposto polo R.D.L. 2/2000, do 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos das Administracións Públicas.

SÉTIMA: COMISIÓN MIXTA.-

Co fin de coordinar as actuacións que se derivan do presente convenio establecerase unha comisión mixta, que estará composta por dous representantes de cada entidade. Os representantes da Excm. Deputación Provincial da Coruña serán nomeados polo presidente da Corporación.

OITAVA: VIXENCIA.-

O presente convenio terá unha vixencia dun ano.”

2.- Facultar á Presidencia para realizar as actuacións precisas para a súa subscrición.

5.-CONVENIO COA FUNDACIÓN FERNÁNDEZ LATORRE PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE “AMPLIACIÓN E REFORMA DO MUSEO EDITORIAL E DE ARTES GRÁFICAS DA VOZ DE GALICIA-FUNDACIÓN FERNÁNDEZ LATORRE”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 Deputados (15 -PP e 10 -PSOE)

Votan en contra: 4 Deputados (BNG)

Abstéñense: ningún

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aproba-la subscrición dun convenio coa Fundación Fernández Latorre para o financiamento do proxecto de "Ampliación e reforma do Museo Editorial e de Artes Gráficas de La Voz de Galicia-Fundación Fernández Latorre, cunha aportación da Deputación de 31.000.000.-pts. no ano 2001 e 25.000.000.-pts. no ano 2002, segundo o seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Fernández Latorre para o financiamento do proxecto de "Ampliación e reforma do Museo Editorial e de Artes Gráficas de "La Voz de Galicia" - Fundación Fernández Latorre"

Dado na Coruña, o de de 2001, na sede da Deputación da Coruña

REÚNENSE

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Deputación da Coruña, asistido polo secretario da Corporación, D. José Luis Almau Supervía

D. Santiago Rey Fernández-Latorre, Presidente da Fundación Fernández Latorre, en representación dela.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

EXPOÑEN

1.- Que ámbalas dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Fundación Fernández Latorre ten como finalidade o fomento do coñecemento e a difusión da cultura en xeral, especialmente a través dos medios de comunicación en tódolos seus soportes, así como o fomento do estudio e da investigación no ámbito das ciencias sociais, históricas e xurídicas.

3.- Que a Deputación Provincial da Coruña é receptiva a calquera actuación que potencie o acceso dos cidadáns da súa provincia á cultura, o que fai mediante a promoción e o financiamento de centros de actividades que reforcen o contacto entre aqueles e as manifestacións culturais que, dende os centros mencionados, xérense nos concellos do seu ámbito competencial.

4.- Que ámbalas dúas entidades son conscientes e valoran, no sentido sinalado no parágrafo anterior, a importante actividade cultural que, a través do proxecto que se pretende financiar, vai desenvolver a Fundación Fernández Latorre.

5.- Que a Fundación pretende levar a cabo un proxecto integral de ampliación e reforma do museo actual, mediante a construción dun novo edificio e a realización dun completo plan de musealización.

6.- Que, en función do anteriormente sinalado, e de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Deputación da Coruña está interesada na contribución á realización das obras sinaladas e, neste sentido, no presuposto da Deputación para o exercicio do ano 2001 figura unha subvención nominativa para a

Fundación Fernández Latorre, destinada a transferencias de capital a institucións sen fins de lucro, dentro do programa de apoio a fundacións.

7.- Que, co fin de establece-las condicións de colaboración, a Deputación da Coruña e a Fundación Fernández Latorre acordan suscribi-lo presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é o financiamento do proxecto de "Ampliación e reforma do Museo Editorial e de Artes Gráficas de "La Voz de Galicia"-Fundación Fernández Latorre".

SEGUNDA.- Este proxecto ten como contidos fundamentais as seguintes actuacións:

Infraestructuras:

* Compra e acondicionamento dun novo edificio anexo ó actual, nas instalacións do Grupo Voz no Polígono de Sabón (Arteixo), cunha superficie final aproximada de 1.400 m².

* Urbanización do contorno e aparcadoiro de vehículos.

* Obras do local e instalacións e acondicionamento do interior.

Musealización:

* Inclusión de novos contidos, tanto no que se refire a fondos editoriais, como a maquinaria de artes gráficas.

* Plan de musealización: organización, informatización e distribución dos fondos.

* Plan de conservación dos fondos.

TERCEIRA.- A Deputación da Coruña financiará as actuacións sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de **56.000.000.-pts.** (336.566,78 euros) distribuídos do seguinte xeito:

Anualidade 2001: 31.000.000.-pts. (186.313,75 euros)

Anualidade 2002: 25.000.000.-pts. (150.253,03 euros)

CUARTA.- Corresponderalle á Fundación Fernández Latorre a contratación e o seguimento do proxecto, execución das obras, equipamento, traballos de ordenación da parcela, así como o aboamento de tódolos gastos que a realización delas conleva.

O proxecto definitivo remitiráselle á Deputación para a súa aprobación nun prazo de tres meses a partir da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- As achegas da Deputación sinaladas na cláusula terceira distribuiranse do seguinte xeito:

* Anualidade de 2001: **31.000.000.-pts:** Infraestructuras e estudos (138.000.000.-pts.) o que supón unha porcentaxe de financiamento do **22,46%.**

* Anualidade de 2002: **25.000.000.-pts:** Instalacións e acondicionamento interior e musealización (112.000.000.-pts.) o que supón unha porcentaxe de financiamento do **22,32%.**

SEXTA.- A Deputación da Coruña aboará a súa achega á presentación da correspondente escritura de compra, certificacións de obra e facturas, nas proporcións determinadas polas porcentaxes de financiamento sinaladas na cláusula quinta.

Estes pagos realizaranse nun máximo de catro prazos.

O total do importe que ha aboar a Deputación non excederá en ningún caso das cantidades sinaladas na cláusula terceira.

No caso de que non se xustificara a totalidade dos gastos, minoraríase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o importe resultante da aplicación das porcentaxes de financiamento sinaladas na cláusula quinta ás cantidades realmente xustificadas.

A achega correspondente á anualidade de 2002 non poderá aboarse ata que teña vixencia o presuposto que conteña os créditos necesarios para face-los pagos, aínda que as actuacións obxecto do convenio se teñan executado con anterioridade.

SÉTIMA.- A Fundación Fernández Latorre comprométese a destina-los fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das obras e equipamentos obxecto do presente convenio.

O importe total das subvencións outorgadas pola Deputación da Coruña, en concorrencia coas subvencións outorgadas por outras institucións, públicas ou privadas, non poderá superar o importe total das obras e quipamentos.

Para estes efectos, o director da fundación deberá poñer en coñecemento da Deputación da Coruña a totalidade das subvencións obtidas para a realización das obras e equipamentos que se recollen neste convenio.

OITAVA.- Créase unha comisión mixta de seguimento da execución do presente convenio formada polo presidente da Comisión de Cultura da Deputación da Coruña e o director da Fundación Fernández Latorre.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, execución e solución de controversias, caso de discrepancias, serán resoltas polo presidente da Deputación da Coruña, poñendo fin así á vía administrativa.

NOVENA.- A Fundación Fernández Latorre comprométese a facer constar en toda a publicidade (tanto impresa como audiovisual) que xeren as súas actividades a colaboración de Deputación da Coruña.

DÉCIMA.- O prazo de vixencia do presente convenio iniciárase no momento da súa sinatura e finalizará o 30 de xuño de 2003.

UNDÉCIMA.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia deste.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas cláusulas, estendéndose o presente no lugar e data sinalados.

ANEXO

Presuposto estimativo de gastos do proxecto de "Ampliación e reforma do Museo Editorial e de Artes Gráficas de "La Voz de Galicia-Fundación Fernández Latorre"

Anualidade 2001.- Infraestructuras e estudos

Concepto	Importe
Compra dun novo edificio	56.000.000.-
Obras do local	60.000.000.-
Urbanización da zona	5.000.000.-
Licencias e permisos municipais	2.000.000.-
Honorarios técnicos	11.000.000.-
Equipo de historiadores	4.000.000.-
Total	138.000.000.-

Anualidade 2002.- Instalacións e musealización

Concepto	Importe
Instalacións e acondicionamento interior e musealización e tratamento de fondos	44.000.000.-
Restauración de maquinaria	23.000.000.-
Audiovisuais (sistemas interactivos)	45.000.000.-
Total	112.000.000.-

2.- Facultar á Presidencia para a realización das actuacións precisas para a súa subscrición.”

6.-CONVENIO CO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL PARA O FINANCIAMENTO DA ESCOLA DE VERÁN.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 Deputados (15 -PP e 10 -PSOE)
Votan en contra: 4 Deputados (BNG)
Abstéñense: ningún

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

1.- Convalida-las actuacións realizadas en relación co expediente relativo ó convenio de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial para o financiamento de "Escola de Verán" e, polo tanto,

2.- Aproba-lo citado convenio cunha achega da Deputación de 5.000.000.-pts

7.-APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E AS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA REGULAR A INSTALACIÓN DE LIÑAS ELÉCTRICAS NAS MARXES DAS ESTRADAS PROVINCIAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio-tipo de colaboración entre a Exma. Deputación Provincial da Coruña e as empresas subministradoras de enerxía eléctrica para regular a instalación de liñas eléctricas nas marxes das estradas provinciais.

2.- Abrir o citado convenio á sinatura de tódalas empresas subministradoras de enerxía eléctrica que queiran adherirse a ela.

3.- Facultar ó presidente para executar o presente convenio.”

8.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA ÁREA DE OCIO E PRAIA FLUVIAL EN RIBADISO, PL., DO CONCELLO DE ARZÚA, INCLUÍDA NO PLAN 2000 INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADE 1997. CÓDIGO 97.3400.0015.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Arzúa tocante á aprobación do proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidades 1997, 1998, 1999 e 2000, 1ª fase, que foi aprobada o día 16 de setembro de 1997 do que a contratación lle corresponde a esta deputación.

Aprobar o proxecto reformado da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto.

Código	Denominación	Orzamento 1997	Orzamento 1998	Orzamento 1999	Orzamento 2000	Orzament o total
--------	--------------	-------------------	-------------------	-------------------	-------------------	---------------------

97.340.000.150	Área de ocio y playa fluvial en Ribadiso., Pl.	19.939.124	16.353.982	14.017.699	11.634.090	61.944.895
----------------	------------------------------------------------	------------	------------	------------	------------	------------

9.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN COIRÓS, INCLUÍDA NO PLAN 2000 INFRAESTRUCTURAS, ANUALIDADE 1999. CÓDIGO 99.3400.1127.0.

INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Sr. Presidente, se me permite unha pequena frivolidade, temos unha pouquiña de présa porque o Sr. Manuel Mirás invitounos a unha comida de troitas en Sigüeiro, que por certo están vostedes invitados se queren ir, porque creo quehai troitas para todos. Entón, para aforrar o tempo, anunciar o voto favorable no punto 8, 9, 10, 11, 12, que son os reformados, aínda que o 13 ímolo votar a favor, si, ata o 13 incluído.

ACORDO

Por unanimidade, préstase aprobación ó seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Coirós tocante á aprobación do proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica, incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidade 1999, 7ª fase, que foi aprobada o día 2 de marzo de 1999 e da que a contratación lle corresponde a esta deputación.

Aprobar o proxecto reformado da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
99.3400.1127.0	Coirós	Construcción de beirarrúas en Coirós	13.261.296

10.-APROBACIÓN DO CAMBIO DA OBRA CERRAMENTO PARCIAL E MELLORA DE PARQUE PASEO MARÍTIMO, CÓDIGO 00.3440.0273.0, POLA DENOMINADA TRABALLOS QUE SE VAN REALIZAR EN PARQUES INFANTÍS FONTÁN-SADA E CARTA-MONDEGO, CÓDIGO 00.3440.0310.0 DO CONCELLO DE SADA, INCLUÍDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE, 1999-2000.

(Auséntanse os Sres. Campo Fernández e Fernández Mouriño)

Por unanimidade, préstase aprobación ó seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada presentada oplo Concello de Sada de cambio de obra que o concello ten incluída no Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000, anualidade 2000-1ª fase, que foi aprobada polo acordo plenario do 30.06.00, da que a contratación lle corresponde ó Concello

1º.- Anular a obra do concello de Sada incluída no Plan 2000 de ambiente 1999-2000, anualidade 2000, 1ª fase.

		TOTAL	AÑO 2000
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	DEP. F.P.
00.3440.0273.0	CERRAMENTO PARCIAL, MELLORA PARQUE PASEO MARÍTIMO SADA	2.750.861	2.750.861

2º.- Aprobar a inclusión da obra que a seguir se relaciona no Plan 2000 de ambiente, anualidad 2000 - 1ª fase, en substitución da obra anulada relacionada no apartado anterior, que non supón modificación no orzamento total dela in do plan plurianual no seu conxunto

		TOTAL	ANO 2000
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	DEP. F.P.
00.3440.0310.0	TRABALLOS QUE SE VAN REALIZAR EN PARQUES INFANTÍS FONTAN-SADA E CARTA-MONDEGO	2.750.861	2.750.861

3º.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións oportunas, entendéndose definitivamente aprobado no caso de non presentarse ningunha.

4º.- Remitir o expediente para informe da Xunta de Galicai e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de administración local de Galicia, debendo considerarse emitido favorablemente despois de transcorridos 10 días desde a súa solicitude.”

11.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN TARAGOÑA EN RIANXO, INCLUÍDO NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 00.3420.0141.0.

(Auséntase o Sr. López Crespo)

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a modificación do proxecto da obra Pavillón polideportivo en Taragoña (Código 00.3420.0141.0) do Concello de Rianxo, incluída na 1ª fase da anualidade de 2000 do Plan 2000 deportes que foi aprobada por Acordo plenario do 29.09.00, e da que a licitación mediante concurso foi declarada deserta, mediante Resolución da Presidencia nº 23.672 do 22.12.00.

1º.- Aprobar por un importe total de 99.800.000.- ptas sobre o orzamento de contrata, a modificación do proxecto da obra Pavillón polideportivo en Taragoña (código 00.3420.0141.0) do concello de Rianxo, que foi incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 deportes, aprobada por acordo plenario do 29.09.2000.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón de incremento experimentado no orzamento de contrata do proxecto modificado que ascende a 27.407.039.- ptas. con respecto ó orzamento de contrata do proxecto inicial aprobado na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 deportes.

Con isto, o financiamento definitivo desta modificación do proxecto queda como segue:

Obra : 00.3420.0141.0	Anualidade 2000
Deputación	86.200.000
Concello Fondos Propios	13.600.000
Concello Plan 2000	
TOTAL	99.800.000

2º Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

12.-APROBACIÓN DO CAMBIO DE PARCELA DA OBRA ÁREA RECREATIVA EN PARCELA ADXACENTE Ó RÍO ARTEIXO, DO CONCELLO DE ARTEIXO, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE 1999-2000, QUE PASA A DENOMINARSE ÁREA RECREATIVA EN QUINTO PINO-PASTORIZA. CÓDIGO 00.3440.0289.0.

(Entran no salón os Sres. Fernández Mouriño, Campo Fernández e López Crespo)

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o cambio de parcela da obra Área recreativa en parcela adxacente ó río Arteixo, do concello de Arteixo, código 00.3440.0289.0, que foi incluída na 2ª fase da anualidade 2000 do Plan de protección do ambiente 1999-2000, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 27.10.00, que pasa a denominarse Área recreativa en Quinto Pino-Pastoriza, dado que a modificación só supón un cambio de situación xa que non se altera nin o orzamento da obra nin do orzamento total do plan no su conxunto.”

13.-PROXECTO REFORMADO DA OBRA PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL DE BOIRO.

INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

Para anunciar o voto de abstención do grupo provincial do BNG nos puntos 13 e 14, o proxecto reformado do parque de bombeiros e a 10ª fase do Plan de recuperación de arquitectura popular. O punto nº 13 é un proxecto reformado con incremento de orzamento, como é habitual en todos cando se van formalizando as licitacións e os proxectos definitivos de parques de bombeiros e de protección civil, e a 10ª fase do plan de recuperación de arquitectura popular en consonancia coa negativa deste grupo cando foi a aprobación das bases, por non estar de acordo con elas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 Deputados (15 -PP e 10 -PSOE)

Votan en contra: ningún

Abstéñense: 4 Deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto reformado da obra Instalación de protección civil de Boiro, concello de Boiro, código 99-4000.0011.8, por importe de 9.308.004.- ptas, que deberá financiarse con cargo á partida 0305/223.A/62210 do vixente orzamento.

A modificación obxecto de aprobación ten a súa xustificación na “Adaptación das obras de urbanización ó estado e necesidades reais da parcela e urbanización dela”.

2.- Dispor a exposición pública a memoria técnica reformada mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non se presentar ningunha.

3.- Remitir o expediente a informa da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, da Administración Local de Galicia.

4.- Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

14.-10ª FASE DO PLAN DE RECUPERACIÓN DE ARQUITECTURA POPULAR.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 Deputados (15 -PP e 10 -PSOE)

Votan en contra: ningún

Abstéñense: 4 Deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Examinados os informes emitidos pola Sección de Promoción Económica e a Intervención Provincial,

1º.- Aprobar a 10ª fase do Plan 2000 da recuperación da arquitectura popular da provincia da Coruña. A relación de investimentos contidos nesta décima fase e o detalle das obras e servizos que se van executar en cada concello, quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

O resumo total, ata a sétima fase aprobada, por obra e tipo de contrato, está establecido da seguinte forma:

Fase	<u>Contrato</u>	<u>Seguridade e</u>	<u>Control</u>	<u>Dirección</u>	<u>Importe</u>	<u>Anualidade</u>	<u>Anualidade</u>
	<u>de obra</u>	<u>e saúde</u>	<u>de calidade</u>	<u>de obra</u>	<u>total</u>	<u>1999</u>	<u>2000</u>
1º	447476.397.-	1.200.000.-	1.657.390.-	450.333.787.-	450.333.787.-		
2º	116.421.520.-	0.-	0.-	116.421.520.-	116.421.520.-		
3º	126.550.266.-	0.-	0.-	126.550.266.-	126.550.266.-		
4º	79.791.168.-	70.000.-	99.350.-	79.960.518.-	79.960.518.-		
5º	200.457.386.-	495.000.-	638.292.-	201.590.678.-	162.259.724.-	39.330.954.-	
6º				442.696.810.-	183.333.024.-	259.363.786.-	
7º	<u>212.240.582.-</u>	<u>715.000.-</u>	<u>963.954.-</u>	<u>213.919.536.-</u>	<u>134.896.043.-</u>	<u>79.023.493.-</u>	

Totales

1.182.937.319.- 2.480.000.- 3.358.986.- 1.631.473.115.- 1.253.754.882.- 377.718.233

As fases oitava e novena, con cargo ó orzamento do ano 2000 totalízanse da seguinte forma:

Fase	Contrato	Seguridad	Control	Dirección	Importe	Partida 0305	Partida
0305	de obra	y salud	de calidad	de obra	total	469.A/62931	469.A/76231
8º	63.415.728.-	140.000.-	198.863.-	63.754.591.-	25.222.236.-	38.532.355.-	
9º	86.471.270.-			86.471.270.-	6.283.460.-	80.187.810.-	

Totales

149.886.998.- 140.000.- 198.863.- 150.225.861.- 31.505.696.- 118.720.165.-

A fase décima, con cargo ó vixente orzamento totalízase da seguinte forma:

Fase	Contrato	Seguridad	Control	Dirección	Importe	Partida 0305	Partida
0305	de obra	y salud	de calidad	de obra	total	469.A/62931	469.A/76231
10º	94.896.035.-	0.-		0.-	94.896.035.-		94.896.035.-

Totales

94.896.035.- 94.896.035.- 94.896.035.-

As obras correspondentes á 10ª fase supoñen un total de 94.896.035.- ptas., con cargo á partida 0305/469.A/762.31, relaciónanse a continuación:

Ayto.	COD.IGO	TITULO OBRA	PRESUPUE STO
A BAÑA	01.4100.0498. 0	RECUPERACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR EN GOSENDE E OUTROS	5.000.000

A BAÑA	01.4100.0499. 0	RECUPERACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR EN SUEVOS E OUTROS	5.000.000
A BAÑA	01.4100.0500. 0	RECUPERACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR EN TROITOSENDE, SUEVOS E NA PONTE DO AGUILLÓNS	5.000.000
BOQUEIXÓN	01.4100.0501. 0	RECONSTRUCCIÓN CAPELA SAN PAIO E ACONDICIONAMENTO ENTORNO	10.000.000
CARNOTA	01.4100.0502. 0	RESTAURACIÓN DO MUÍÑO DO REGATO-CARNOTA	1.911.302
CARRAL	01.4100.0503. 0	RETABLO DA IGREXA DE VEIRA	1.250.000
CURTIS	01.4100.0504. 0	ENTORNO DA CAPELA DE SAN ROQUE DE XABRIÑO COA S+A FONTE, FISTEUS	1.784.857
LARACHA	01.4100.0505. 0	RESTAURACIÓN MOLINO DE GABENLLE	1.742.830
LARACHA	01.4100.0506. 0	REHABILITACIÓN E RESTAURACIÓN DOS MUIÑOS DAS FERVENZAS	6.161.696
MAÑÓN	01.4100.0507. 0	REHABILITACIÓN MUIÑO Nº 2 EN BARES	1.718.584
MAÑÓN	01.4100.0508. 0	REHABILITACIÓN MUIÑO Nº 3 EN BARES	1.922.476
MAÑÓN	01.4100.0509. 0	REHABILITACIÓN MUIÑO Nº 4 EN BARES	2.133.586
MAÑÓN	01.4100.0510. 0	REHABILITACIÓN MUIÑO Nº 5 BARES	1.738.705
MAÑÓN	01.4100.0511. 0	REHABILITACIÓN MUIÑO DAS REVOLTAS EN MAÑÓN	1.515.180
MELIDE	01.4100.0512. 0	REHABILITACIÓN CASA RECTORAL DE SAN COSME DE ABEANCOS	2.900.000
MIÑO	01.4100.0513. 0	ERMITA DE NUESTRA SRA. DE GUADALUPE DE LA PARROQUIA DE S. JUAN DE CALLOBRE	9.997.780
PORTO DO SON	01.4100.0514. 0	REHABILITACIÓN DE MUIÑOS E ENTORNO	9.151.101
TEO	01.4100.0515. 0	ACONDICIONAMENTO DA FONTE DE PONTEVEA	1.124.681
TEO	01.4100.0516. 0	ACONDICIONAMENTO DA IGREXA DE TEO	1.560.426
TEO	01.4100.0517. 0	ACONDICIONAMENTO DA IGREXA DE VILARIÑO	1.126.352
TEO	01.4100.0518. 0	ACONDICIONAMENTO DA FONTE E LAVADOIRO DE FEROS	2.727.670
TEO	01.4100.0519. 0	ACONDICIONAMENTO DA FONTE E LAVADOIRO DE CÉSAR	4.168.808
TEO	01.4100.0520. 0	ACONDICIONAMENTO DA FONTE E LAVADEIRO DA CABOVILA	2.011.588
TEO	01.4100.0521. 0	ACONDICIONAMENTO DA FONTE E LAVADEIRO DE MOUROMORTO	2.134.098
TEO	01.4100.0522. 0	ACONDICIONAMENTO DA FONTE DE XESTA	617.937
TEO	01.4100.0523. 0	ACONDICIONAMENTO DA FONTE DE FLORIDA	744.312
TEO	01.4100.0524. 0	ACONDICIONAMENTO DA FONTE E LAVADOIRO DA PEDRA	985.606
TEO	01.4100.0525. 0	ACONDICIONAMENTO DA FONTE E LAVADOIRO DE SEOANE	1.925.141
TEO	01.4100.0526. 0	ACONDICIONAMENTO DA FONTE E LAVADOIRO DE NOCEDA	2.021.320

TEO	01.4100.0527. 0	ACONDICIONAMENTO DA FONTE DE SANTA LUCÍA	772.667
VEDRA	01.4100.0528. 0	REHABILITACIÓN MUÍÑOS	4.047.332
		TOTAL.....	94.896.035

Na sexta fase actualizáronse os importes de gasto por figurar 1.450.000.- ptas do gasto de expropiación que non se incluíron nos anteriores acordos.

A Contratación das obras e servicios incorporados na presente fase, delegarásen nos concellos respectivos con arreglo ós seguintes criterios:

1.- As obras contrataránsen polos respectivos concellos utilizando os pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola Deputación. O Concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

2.- As obras adxudicánsen mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración de acordo co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de contratos das Administracións públicas.

No caso do concurso, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, axuntándoo ó prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicarase o baremo establecido para as obras da deputación.

3.- A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

4.- As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello con arreglo ó establecido na Lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no presuposto, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación.

5.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidación ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

En todo caso os concellos deberán remitir á Deputación:

1º Documentación relativa á contratación:

- Listado de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza para idéntico fin, no Plan de obras e servicios.

- Se a adxudicación se realiza mediante o sistema de poxa deberá remitirse a “Acta de apertura de plicas”.

- No caso de Concurso además do “Acta apertura de plicas”, deberá remitirse a xustificación da elección de esta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.

- No caso de procedemento negociado, debetrá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

2º.- Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servicios acompañarase un exemplar da factura.

- Fotografía do cartel da obra.

- Acta da recepción das obras ou subministracións

Comunicación recepción:

Os concellos deberán comunicar á Deputación cunha antelación de ó menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizará o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da Deputación a ela, se así se considerase oportuno.

As baixas rexeránse polo criterio de aplicación establecido nas bases correspondentes.

Resolución de contratos:

Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable.

Prazos de execución e certificacións de obra:

A achega provincial ás obras incorporadas nesta 10ª fase do plan será imputada á partida 0305/469.A/76231,

2.- A eficacia do presente acordo queda condicionada a que, por parte dos concellos que non entregaran a acreditación da aprobación dos proxectos mediante a achega do correspondente acordo plenario municipal, sexa entregado o dito documento; que deberá ser incorporado ante a deputación; necesariamente con anterioridade á iniciación do proceso de licitación das obras ou servicios.

Dispoñer a exposición pública da décima fase do plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

Facultar ó Presidente para canto proceda en orden á xestión e efectución do presente acordo.”

15.-SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FEIRA DE MOSTRAS DO NOROESTE, ANO 2000.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a concesión da achega provincial ó consorcio Proferias e Exposicións de Ferrol, G15060478, por importe de 10.000.000.-pts (dez millóns), pola celebración da 38 Feira de Mostras do Noroeste 2000 con cargo á partida 0305/721.A/46701 do vixente orzamento.

A forma de pagamento realizarase, unha vez aprobado, mediante transferencia bancaria.

O período de vixencia da subvención é do ano 2000.

O coeficiente de financiamento respecto ós gastos presentados supón o 26,20%.”

16.-APROBACIÓN DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE PARTE DAS OBRAS INCLUIDAS NO PLAN COMPLEMENTARIO Ó PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2001 CON DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E TÉCNICA COMPLETA

INTERVENCIÓNS

Sra. Candocia Pita

Só para anunciar a nosa postura de abstención como xa viñemos facendo sobre este tema noutras ocasións.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 Deputados (15 -PP e 10 -PSOE)

Votan en contra: ningún
Abstéñense: 4 Deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o acordo plenario de Aprobación da anualidade 2001 do Programa Operativo Local (2000-2006) e do Plan Complementario á anualidade 2001.

1º.- Aprobar os proxectos técnicos para a execución das obras que a continuación se relacionan incluídas no Plan complementario ó POL 2001 con carácter de programación de actuación, xa que foi completada a documentación técnica e administrativa esixida.

CONCELLO	DENOMINACIÓN DA OBRA	ORZAMENTO
BOIMORTO	San. Campo da Lanza-Verea-Liñeiro	21.982.788
LOUSAME	San. S. Xoan de Camboño	63.143.971
PONTECESO	Abast. auga Cores, Niños e Brantuas	51.955.155
RIANXO	Saneamiento na parroquia de Araño	112.960.015
SADA	Est. bombeo de san. e san. Costa do Tepe e outro	15.999.167
VILASANTAR	Vivenda compartida para maiores	41.117.824
ZAS	C.C. e edif. serv. mult. de Zas 2ª fase	28.923.520
	Total	336.082.440

2º.- O seu financiamento realizarase cos remanentes que se poidan orixinar por anulacións de proxecto ou baixas na licitación das obras, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan ditos remanentes.

3º.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante un prazo de dez días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artg. 29.2) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

5º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

6ª.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.”

17.-BASES PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS TRIBUTARIOS ÓS CONCELLOS DA PROVINCIA.

INTERVENCIONS

Sr. Presidente

Neste punto hai unha emenda do Bloque Nacionalista Galego. Se lle parece ben, nese afán de abreviar o debate, pode defender a emenda e tamén xa incidir no punto en xeral.

Sr. Rodríguez Doval

Gracias, Sr. presidente, e tendo en conta esas circunstancias, as que se sabían e as que non sabiamos algúns, pois polo tanto imos a procurar abreviar este debate, pero en todo caso si quero reflectir o noso posicionamento.

Como ven as compañeiras e compañeiros, esta proposta de emenda incide en dúas cuestións que nosoutros, como grupo político, estivemos defendendo desde que se comenzou a renegociar ou a discutir esta nova xeira, para ver de abrir un novo escenario, unha vez que finalizaba o período de vixencia dos convenios que os concellos tiñan con esta deputación. A emenda é un pouco a expresión do que foi a nosa posición política neste debate. Teño que dicir que, como xa dixemos nas diversas reunións que se celebraron, e é público e notorio, o BNG, á parte dunha filosofía diferenciada, no fondo, do que debería ser un servizo de recadación, é que ó noso xuízo debería de tender ó asentamento básico dos servizos con carácter comarcalizado, pero non por unha regueifa de tipo ideolóxico ou político, senón porque cremos firmemente que efectivamente isto permite un mellor achegamento ós contribuíntes.

Queremos considerar, sen embargo, os esforzos que se fixeron, tanto no plano político como no plano técnico, para chegar a este presente convenio, xa o dixemos na comisión, que nosoutros saudabamos o clima de consenso, de debate, de apertura, que fixo o presidente da comisión, por parte do Sr. Erias, provocando que tiveramos unha canle de participación permanente para expresar claes eran os nosos posicionamentos e tamén para saber cómo ía esa negociación, en concreto cos concellos da provincia da Coruña. Neste senso, é evidente que se producen dous cambios a ter en conta no modelo de convenio, como é -cambios, digo, en positivo, e atractivos para os concellos que vaian entrar aí-, como é a rebaixa na taxa de cobro e o aumento nas entregas a conta.

Entendemos, nembargantes, e xa concreto o contido da nosa emenda, que hai dous temas que quedan, ó noso xuízo, non resoltos no sentido que nosoutros pensabamos, e de aí pois que efectivamente vaia esta emenda, que igual que é moi concreta en extensión, tamén é moi clara no que se persegue. Primeiro: entendemos que o prazo establecido, e desde logo establecido dunha maneira moi ríxida, de dez anos, cando nos debates iniciais que tivemos este parece que era un tema que podía estar sometido a cambio, é dicir, parece que non se quería ser tan ríxido no tema dos dez anos e que mesmo se podía establecer algún tipo de saída

intermedia, nosoutros entendemos que dez anos, cando estabamos falando dun servicio destas características, é un prazo de tempo moi longo, fundamentalmente porque hai toda unha serie de cuestións que van incidir no bo funcionamento do servicio, fundamentalmente o que son os avances no campo informático, que dez anos é unha etapa demasiado longa e sometida ademais a moitos cambios, como todas e todos sabemos. Polo tanto, nosoutros abogariamos neste senso porque se deixara a posibilidade de que os concellos puideran participar, pero reducindo o prazo a cinco anos, en todo caso, sería igual prorrogable para dez ou para os que se quixera, para aqueles que quixeran continuar, e sobre todo, e hai que dicilo con claridade, para aqueles que despois dese período entenderan que poden recorrer a outro tipo de fórmulas, que tamén existen.

E finalmente, o tema dos servicios comarcais, o tema das zonas recadatorias. É certo que o presidente, aínda na última comisión, aseveráronos que había un compromiso político de promover e de potenciar as zonas recadatorias, pero nosoutros cremos que dentro do convenio débese de explicitar dun modo claro para que non se quede nun desideratum e haxa un recoñecemento explícito de que hai que dar ese paso. De aí que o BNG propoña o engadido dunha nova base, que sería a base décima, deixariamos a décima actual para décimo primeira, e cunha proposta que entendemos que pode ser perfectamente levada a cabo, que sería que no período de seis meses a partir desta data, é dicir, na data de hoxe, a deputación elaborara unha proposta de mellora e potenciación das diversas zonas recadatorias, tanto no tocante ós efectivos humanos como técnicos, na liña de favorecer o ámbito comarcal no funcionamento do servicio, e eu resumo, un maior achegamento del ós contribuíntes.

Esas son as dúas, non quero chamalos “cabalos de batalla” porque non son así, son discrepancias que nosoutros temos co modelo que hoxe se vai aprobar aquí, e polo tanto nese senso pedimos que se vote a nosa emenda, e en calquera caso tamén adiantarei que no caso de que non saia adiante, pois a nosa posición, tamén por respecto e por consideración a todo o traballo que se estivo facendo, vai ser de abstención. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Intentaremos ser breves. No ano 91, empézase o servicio de recadación, xestión e inspección tributaria que se vai incrementando e que se vai perfeccionando ó longo dos anos, tendo en conta que esta é unha das competencias específicas que a lei de bases marca ás deputacións, a asistencia técnica, xurídica e económica ós concellos, sobre todo a aqueles que teñen menos recursos. Neste ano finaliza ese concerto de dez anos, e repetidas veces o grupo provincial socialista referiuse a este tema como un tema importante, en distintas sesións plenarias, creo que en varios expedientes de modificación de créditos, e sobre todo cando se debatían as ordenanzas fiscais, en concreto a nº 5, non soamente alertabamos da necesidade de pór en marcha unha negociación cos 84 concellos, e procurar incluso incrementar a máis estes servicios, e prestando tamén emendas a esta ordenanza nº 5, que se recolle parcialmente no contido disto.

Quero dicir que por parte da Presidencia da Comisión de Economía, e coincido co portavoz nacionalista, que a metodoloxía foi a acertada, déusenos participación ós grupos e alá polo mes de febreiro iniciamos as reunións que levan agora a presentar un documento. Á vez

fixéronse distintas actuacións, de tipo comarcal ou de tipo sectorial, ou individualizado, con distintos concellos, que tamén valoramos favorablemente. ¿Que se chega a facer con este convenio? Pois fundamentalmente que se rebaixa ó 5% a recadación en voluntaria, e ó 75% das recargas de constrinximento recadados en executiva, o cal é vantaxoso para os concellos, e así a deputación está facendo un servizo que cremos importante. Á vez, as porcentaxes sobre os cales se actúa, pasa do 75% ó 80%, o grupo socialista demanda neste momento de que se siga estudando a posibilidade de que se pase a unha porcentaxe máis alta con respecto á recadación anterior, ou ós padróns que redacten os concellos, e é que Sr. presidente, temos que ir sempre a por máis e mellorar o servizo que, insisto, eu creo que é favorable para os concellos da provincia, e polo tanto tamén para os cidadáns da provincia.

Entendemos que hai algúns aspectos que na comisión o grupo socialista expresou, relativos á recollida de lixo no consorcio das Mariñas, que quero deixar patente que o presidente da comisión dixo que se ía recoller e a estudar no intre que se lle presentase a oferta concreta; falamos tamén dalgún aspecto que aquí se presenta como emenda, xa falabamos del na primeira intervención do 20 de febreiro deste ano 2001, da necesidade de que as comarcas, as zonas tributarias das comarcas, estiveran dotadas adecuadamente, é dicir, non quere dicir que neste momento estean mal dotadas, senón que hai que perfeccionalas, dados os avances técnicos e os recursos humanos necesarios, cada vez máis, como sabemos, no mundo en que vivimos.

Quérome referir, por último, ás instalacións propias desta casa, onde instamos a que se faga un estudo para facer unha concentración dos servizos nun lugar adecuado, hai un proxecto que creo que arranca do ano 95, cando este grupo socialista tivo disposicións de goberno, que o estudien, que o adapten, e que indubidablemente, este servizos cada vez repercuta mellor nos concellos e cidadáns da provincia.

Con respecto ó posicionamento do voto da emenda que presenta o Bloque Nacionalista Galego, o noso voto vai ser de abstención motivado en que estamos parcialmente de acordo con el. A nosa idea con respecto ós cinco anos entendemos que non é adecuada nese momento polas explicacións de rango económico escoitadas ós servizos da casa no seu momento. si estaríamos de acordo coa outra, pero como hai que votar conxuntamente, o noso posicionamento vai ser de abstención. E o dictame que aparece da propia Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas, vai reproducirse no voto favorable deste grupo a este servizo de recadación, xestión e inspección tributaria. Moitas gracias.

Sr. Erias Rey

En primeiro lugar, e como presidente da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas, agradecer ós grupos políticos as palabras manifestadas, que non son mérito do presidente da comisión, senón que son mérito de toda a corporación, eu creo que esta corporación está traballando cun empeño de diálogo, cun empeño de escoitar os puntos de vista, e logo tamén coa responsabilidade de asumir as decisións, que nuns casos podemos coincidir, e noutros casos, pois certamente podemos discrepar, pero sempre sobre a base dese diálogo previo, e nunha cousa de tranta transcendencia como era o desenvolvemento da prestación dun servizo, que as deputacións provinciais, como ben dicía o Sr. Lagares, temos obriga, non só de

prestar, senón que, dentro das nosas posibilidades, mellorar e ampliar, pois nese empreño estamos todos. Eu o único que fixen foi intentar traducir eses desexos que me manifestaban os deputados, e que tamén, eu quero reiteralo unha vez máis, os servicios da casa puxeron ó noso servicio e á nosa disposición todo aquel coñecemento acumulado da experiencia dos últimos dez anos.

Vou intentar contestarllles brevemente ás dúas cuestións que me formularon, porque o Sr. Lagares manifestou, cando se emitiu o dictame sobre o asunto na comisión, que votaban favorablemente, o cal agradezo e tiven tamén moi presente á hora de determinados asuntos que se nos propuxeron, e o Bloque Nacionalista proponnos en primeiro lugar unha emenda. Ben, eu ó tema da emenda teño que sinalarlle o seguinte: o grupo de goberno intentou recoller o espírito do que a emenda propón, o que pasa son dúas cousas: primeiro, a materialización práctica de darlles máis servicios ós concellos, a menor custo, e asemade que aumenten as súas bases de recadación, esixe por parte da deputación un compromiso de maiores dotacións, tanto en equipamentos, como en recursos humanos, como en recursos de tipo técnico. Polo tanto, a deputación vai facer un importante esforzo para prestar á carta todos e cada un dos servicios que lle demanden tódolos concellos que van quedar conveniados, e aqueles que no seu día queiran incorporarse, porque isto non se cerra para ninguén, algúns -e aquí non quero ser eu un pouco visionario-, algúns que por determinadas circunstancias teñen outro punto de vista, sen ningunha dúbida, creo que vai ser moi difícil que acaden o 92% en voluntaria, máis do 54% en executiva, aun custo do 5% en voluntaria e ó 75% sobre a recarga, repito: iso vai ser moi difícil de conseguir, pero en todo caso a responsabilidade é de quen toma as decisións, a deputación vai ofrecer os servicios, e a todos os que nolo pediron imos intentar potenciar os servicios de inspección e recadación, comarcalmente. Por iso dicía que nesta primeira parte eu creo que estamos todos de acordo, e a Deputación provincial vaino facer, pero vaino facer con prudencia, e teno que facer para un horizonte temporal, non se poden dotar agora unhas prazas para cinco anos, e dentro de cinco anos pois que, por outras circunstancias, sobrevidas e non previsibles, pois teñamos que ter uns medios infrautilizados, nosoutros temos a responsabilidade ó gobernar de optimizar a utilización dos recursos, e dentro desa optimización está esta política de prudencia, pero tamén de compromiso certo; temos compromiso certo coas áreas comarcais de recadación, e imos apoialas e dotalas xa, este ano, de novos medios humanos, técnicos e materiais. Por tanto, repito, nesta primeira parte hai un compromiso político e hai un feito certo que se vai desenvolver.

E na segunda parte, pois ten que ver coa primeira, facer isto para cinco anos non lle permite a ninguén que teña que xestionar un organismo coñecer cómo vai dotalo, porque repito: vaise encontrar con moitas dificultades. A deputación fixo un importante esforzo, que é incrementar unha parte de recursos para atender con máis calidade estes servicios, entón cremos que tamén era bo que ese incremento tivera unha certa estabilidade temporal, porque senón, poderíamos ter dificultades que non son as que buscamos. Por iso insisto que imos prestar un servicio de calidade, é un servicio que ten unha alta calidade, no contexto das Administracións locais en España, non imos dicir que é o mellor, pero está entre os mellores; ímolo proporcionar a menor custo e en condicións competitivas; imos fomentar a ampliación da base tributaria dos concellos a través de mellorar os servicios de inspección, de acordo cos respectivos alcaldes, potenciando as zonas comarcais, e por último imos desenvolver algo que o grupo socialista tamén é certo que nos pedira, que era elevar os anticipos ata o 85%, ben, a lei

permite facelo ata o 75%, e na medida en que a tesourería o permita, a deputación vai facer eses anticipos ata o 80% a tódolos concellos, anticipando sobre a recadación prevista no orzamento ordinario e non facéndoo sobre o pasado, e asemade, anticipando, nalgúns tributos, como é o caso da recollida do lixo, anticipando por aquilo que posteriormente vai recadar a deputación, segundo as ordenanzas que cada concello fixe. Pero tendo presente tamén ós cidadáns, tendo presente que en moitas casos os cidadáns van ter que facer un importante esforzo. Estamos disposto a fraccionar o pagamento a través dun único padrón, ou de diferentes padróns, á carta, segundo nos pidan os respectivos concellos, e a conveniar coas institucións financeiras, se fora necesario, para que este fraccionamento incluso puidera ter máis facilidades para os veciños, que son un pouco tamén obxecto da preocupación da Administración provincial.

Polo tanto, repito, cremos que fixemos entre todos un gran esforzo. Agradezo ós grupos a colaboración mostrada, agradéxolles ós alcaldes, concelleiros, que nos recibiron pois ó longo destes últimos seis meses en varias ocasións, e tamén ós funcionarios da casa polo apoio.

Respecto á emenda, direi que non nos é posible porque creo que vai en contra precisamente da filosofía que defendemos, pero sen embargo o servizo que se vai prestar parécenos que vai mellorar notablemente o que ata agora creo que xa viñamos facendo de maneira conveniente. Máis nada, presidente, moitas grazas.

A continuación, procédese á votación da emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego.

VOTACIÓN

Votan a favor: 4 Deputados (BNG)
Votan en contra: 15 Deputados (PP)
Abstéñense: 10 Deputados (PSOE)

Decae a emenda

Procédese a votar o punto nº 17

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 Deputados (15 -PP e 10 -PSOE)
Votan en contra: Ninguno
Abstéñense: 4 Deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.- Aprobar as bases para prestar servicios tributarios -xestión, inspección e recadación de ingresos de dereito público-, ós concellos desta provincia e que entrarán en vigor a partir do día 1 de xaneiro de 2002. As ditas bases, que se anexionarán a este acordo, serán de aplicación a tódolos concellos que se adhiran a elas.

BASES PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS TRIBUTARIOS ÓS CONCELLOS DA PROVINCIA

PRIMEIRA.- OBSECTO DA DELEGACIÓN.

A Deputación Provincial da Coruña asume, por delegación expresa, as competencias en materia tributaria que se concretan máis adiante, en relación con tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público de carácter municipal, mediante a adhesión particular e expresa do concello titular deles ás presentes bases.

SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO.

O exercicio das competencias en materia tributaria delegadas polos concellos rexerese, en primeiro termo, polo disposto nas presentes bases e ademais por:

- a) A Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.
- b) A Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.
- c) O Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria.
- d) A Lei 1/1988, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.
- e) O Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral da recadación.
- f) O Real decreto 939/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o regulamento xeral da Inspección dos tributos.
- g) A ordenanza fiscal xeral da Deputación provincial da Coruña.
- h) As normas específicas de cada recurso, se as tivera.
- i) As normas que desenvolven, complementan ou modifican ás anteriores.
- j) As demais normas de obrigada aplicación á materia.

TERCEIRA.- CONTIDO E ALCANCE DA DELEGACIÓN.

1.- Contido mínimo.-

Os concellos que desexen delegar na deputación competencias en materia tributaria haberán delegar, polo menos, as seguintes:

* Xestión e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre ben inmobles, tanto de natureza rústica como urbana ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

* Xestión e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre actividades económicas ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, así como a facultade para, consonte co establecido no artigo 92 da Lei reguladora das facendas locais, solicitar da Administración tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censual e inspección, e establecer coa dita Administración as oportunas fórmulas de colaboración en materia de inspección en relación con este mesmo imposto.

* Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre vehículos de tracción mecánica ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, agás que o impidan compromisos ineludibles adquiridos con anterioridade polo concello ou este xestione o tributo directamente e non desexe delegalo.

2.- Contido opcional.-

Os concellos que delegaran o contido mínimo poderán, ademais, delegar na deputación as seguintes outras competencias:

* A facultade, consonte co establecido no art. 78 da Lei reguladora das facendas locais, para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección tocante co imposto sobre bens inmoebles.

* Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

* Recadación voluntaria e executiva das taxas e prezos públicos de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón. O dito padrón anual poderá fraccionarse en dúas cotas semestrais, sempre que o concello titular da taxa ou prezo público recolla esta circunstancia na correspondente ordenanza fiscal municipal. En calquera caso, a determinación dos períodos de cobramento será competencia da Deputación provincial.

* Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ó ano.

Durante o período de vixencia da delegación, os concellos que o desexen poderán ampliar o contido dela, dentro do marco establecido nesta base. Para isot, deberá seguirse o mesmo procedemento de tramitación utilizado inicialmente. Esta ampliación surtirá efectos desde a data da súa aceptación pola deputación ata a finalización da vixencia da delegación inicial.

3.- Alcance do exercicio das competencias delegadas.

A delegación de competencias suporá que a deputación asumirá a totalidade das funcións e atribucións necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias de xestión, inspección e recadación en cada caso.

En particular, será competencia da deputación o exercicio das seguintes funcións:

* Tramitación, concesión e posterior seguimento de aprazamentos e/ou fraccionamentos de pagamento.

* Declaración de insolvencias de créditos incobrables.

* Representación do concello nos procedementos xudiciais de quebra ou suspensión de pagamentos nos que resulte afectado algún expediente executivo.

4.- Avocación.

Os concellos poderán avocar para si, mediante comunicación escrita e razoada dirixida á deputación, a tramitación de determinados expedientes recadatorios en curso, debido a circunstancias tales como a repercusión económico-social que a súa execución poida ter no concello.

Neste suposto, a deputación formulará data das liquidacións afectadas e quedará exenta de calquera responsabilidade que puidera producirse no futuro con respecto a elas. As ditas liquidacións non poderán er cargadas de novo á deputación para continuar o procedemento.

CUARTA.- COLABORACIÓN DOS CONCELLOS.

Conforme co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 8 da Lei reguladora das facendas locais, e co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas á deputación, os concellos deberán prestarlle a esta a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

* A localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ó pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal, a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades.

* Poñer a disposición dos Servicios tributarios da deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, da protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven.

* A exposición pública no taboleiro de anuncios do concello e outros lugares de costume, dos edictos que se dicten no exercicio das competencias delegadas.

* Informar dentro do prazo, nos expedientes de solicitude de aprazamento ou fraccionamento de pagamento e noutros nos que se lles solicite.

QUINTA.- SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN ÓS CONCELLOS.

No primeiro semestre do exercicio seguinte, a deputación enviará ós concellos os estados demostrativos da xestión recadatoria do exercicio anterior, para a súa conformidade ou reparos. A facturación e xustificantes que dan orixe ós estados demostrativos será posta a disposición dos concellos para o seu exame nas oficinas centrais do Servicio de Recadación, dado o elevado volume da documentación; no obstante, a petición do concello interesado; poderanse facilitar copias en casos concretos.

Tamén se fará chegar anualmente ós concellos, ademais dos padróns dos impostos dos que a xestión estea delegada na deputación unha listaxe comprensiva das liquidacións de contraído previo e ingresos directo e de contraído simultáneo e das anulacións de liquidacións aprobadas.

A deputación establecerá un procedemento informático que permita ós concellos que delegaran competencias tributarias facer un seguimento global da xestión que realicen os distintos servicios tributarios da deputación, así como o acceso ás bases de datos dos ditos servicios para obter a información individualizada que cada concello precise para o exercicio das súas funcións, todo isto dentro do marco definido pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, das normas xerais que a desenvolven e da normativa específica que no seu cumprimento teña aprobada a propia deputación.

SEXTA.- TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS DELEGADOS.

As taxas que van aboar os concellos que deleguen as competencias serán recollidas na Ordenanzas fiscal número 5 da deputación. O seu importe non poderá superar os seguintes límites:

- * O 5% do importe das cotas recadadas en período voluntario.
- * O 75% do importe das recargas de constrictamento recadados en período executivo.

SÉTIMA.- ENTREGAS A CONTA, LIQUIDACIÓNS PROVISIONAIS E LIQUIDACIÓN ANUAL DA RECADACIÓN.

1.- Entregas a cuenta.

A deputación realizará entregas mensuais a conta da recadación de cada exercicio, dos tributos abranquidos no contido mínimo da delegación, así como da taxa por recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos a aqueles concellos que deleguen a súa recadación.

O importe das entregas a conta será do 80% da recadación en período voluntario de liquidacións de contraído previo e notificación colectiva por padrón estimada para o exercicio polos tributos arriba mencionados, repartido en 11 mensualidades. Para o cálculo da recadación estimada teranse en conta as circunstancias particulares de cada concello e concepto.

No suposto de que a deputación realizase operacións de tesourería para atender o pagamento destas entregas a conta, estarase ó disposto no artigo 130.2 da Lei reguladora das facendas locais.

2.- Liquidacións provisionais.

Da recadación en período voluntario por liquidacións de contraído previo e ingreso directo, liquidacións de contraído simultáneo e autoliquidacións practícaranse liquidacións provisionais de periodicidade trimestral.

Coa mesma periodicidade, practícaranse liquidacións provisionais da recadación en período executivo.

3.- Liquidación anual.

1. No mes de decembro, unha vez formalizados os ingresos en período voluntario procedentes das liquidacións de notificación colectiva, procederase a practicar un anticipo da liquidación anual.

2. No primeiro trimestre do exercicio seguinte, practícarase a liquidación anual e definitiva do exercicio anterior. O importe que se vai entregar a cada concello calcularase deducindo da recadación íntegra os seguintes importes:

- * Entregas a conta, liquidacións provisionais e anticipo da liquidación definitiva.
- * Devolución de ingresos indebidos.
- * Taxas por prestación dos servizos obxecto destas bases.
- * Outros importes que procedan, relacionados coas competencias delegadas, debidamente xustificadas.

Se a algún concello lle resultase unha liquidación definitiva con importe negativo, practícaránselle deducións das posteriores entregas mensuais e anticipos da recadación.

OITAVA.- VIXENCIA DA DELEGACIÓN.

A delegación polos concellos de competencias en materia tributaria na Deputación Provincial da Coruña que se regula nestas bases entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2002 e terá un período de vixencia de 10 anos, contados a partir da dita data. No caso de que posteriormente algún concello acorde a súa adhesión ás presentes bases, o período de vixencia da delegación de competencias será igualmente de 10 anos, contados a partir da data de formalización do acordo e ata o 31 de decembro do ano en que se cumpra o dito período de vixencia.

Este prazo inicial de delegación poderá prorrogarse tacitamente por períodos iguais, se ningunha das partes comunica á outra, cun mínimo dun ano de antelación ó seu vencemento, o seu desexo de deixar sen efecto a delegación, o que deberá formalizarse polo mesmo órgano e procedemento que levou a cabo a delegación.

No caso dos concellos que na mencionada data do 1 de xaneiro de 2002 tivesen aínda en vigor convenios de delegación de competencias en materia tributaria coa deputación e non

acepten as presentes bases, seguiranse aplicando os ditos convenios, nos seus propios termos, ata a súa finalización.

NOVENA.- ACORDOS DE DELEGACIÓN E DE ACEPTACIÓN.

O procedemento para formalizar a delegación na deputación as competencias e funcións que se detallan nas presentes bases será o seguinte:

1º.- Acordo provisional de delegación de competencias adoptado polo Pleno do concello que delegue.

2º.- Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia, abrindo u prazo mínimo de 30 días hábiles para xeral coñecemento e presentación de alegacións.

3º.- Acordo adoptado polo Pleno do concello que delegue no que se resolvan as alegacións recibidas ou se eleve a definitivo o acordo provisional se non houberse ningunha.

4º.- Traslado do acordo definitivo da delegación da deputación mediante certificación expedida polo secretario do concello que delegue.

5º.- Acordo adoptado polo Pleno da deputación no que se acepte a delegación se o acordo municipal se axusta ás presentes bases.

6º.- Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento, consonte co establecido no artigo 7.2 da Lei reguladora das facendas locais.

Os acordos municipal de adhesión e provincial de aceptación da delegación deberán estar definitivamente aprobados antes do 1 de xaneiro de 2002 ou, se é o caso, do exercicio no que deba entrar esta en vigor, para posibilitar así que a deputación elabore os padróns dos tributos que se recadan por ese sistema.

DÉCIMA.- NORMAS DE DESENVOLVEMENTO.

Facúltese ó presidente da deputación para aprobar, mediante resolucións, as normas que fosen necesarias para o cumprimento e desenvolvemento das presentes bases.”

18.-PROVISIÓN DE XEFE DO SERVICIO DE ASISTENCIA ECONÓMICA A MUNICIPIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

INTERVENCIÓNS

Sra. Vázquez Veras

Simplemente para anunciar a nosa abstención.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 Deputados (PP)

Votan en contra: ningún

Abstéñense: 14 Deputados (4 -BNG e 10 -PSOE)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“En relación coa provisión do posto de xefe de Servicio de Asistencia Económica a Municipios desta Deputación e para dar cumprimento á base oitava do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, aprobada por Resolución do 30 de abril de 2001 da Dirección Xeral para a Administración Local do Ministerio de Administracións Públicas adóptase o seguinte acordo:

RESULTANDO:

Primeiro.- Que se atopa vacante o posto de XEFE DE SERVICIO DE ASISTENCIA ECONÓMICA A MUNICIPIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Segundo.- Que o presidente da Deputación mediante Resolución do 12 de marzo de 2001 aprobou a convocatoria por concurso ordinario da mencionada praza, as súas bases específicas e a composición do tribunal de valoración dos méritos.

Terceiro.- Que o contido da Resolución da Presidencia mencionada no parágrafo anterior foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 70 do 9 de abril de 2001, e no B.O.E. núm. 122 do 22 de maio de 2001.

Cuarto.- Que o tribunal designado valorou os méritos dos candidatos na sesión do 14 de xuño de 2001, na que aprobou a relación de candidatos e elevou ó Pleno a proposta de resolución do concurso, comprensiva do unico concursante sen excluír a ninguén. A puntuación final do único concursante resultou ser a seguinte:

1º.- Calvo del Castillo, Vicente José: 24,28 puntos.

Visto o disposto no artigo 99.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, redactado conforme a modificación introducida pola Lei 10/1993, do 21 de abril; vistos así mesmo: Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo, reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional; Orde do 10 de agosto de 1994 pola que se dictan normas sobre concursos de provisión de postos reservados a funcionarios de

Administración local con habilitación de carácter nacional e a Resolución do 30 de abril de 2001, da Dirección Xeral para a Administración Local, pola que se dá publicidade ás convocatorias e bases de concurso ordinario para provisión de postos de traballo reservados;

CONSIDERANDO:

Primeiro.- Que se cumpriron as normas regulamentarias aplicables ó caso e as bases da convocatoria.

Segundo.- Que quedou acreditada, conforme o dito máis enriba, a observancia do procedemento debido,

Polo exposto, O PLENO ACORDA:

RESOLVER o concurso ordinario para a provisión do posto de XEFE DE SERVICIO DE ASISTENCIA ECONÓMICA A MUNICIPIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e en consecuencia propoñer o nomeamento para o posto a D. VICENTE JOSÉ CALVO DEL CASTILLO, concursante único, que obtivo a puntuación total de 24,28 puntos.

REMITIR este acordo á Dirección Xeral da Función Pública para os efectos da coordinación de concurso, adxudicación final de postos, formalización de nomeamentos e publicación destes.”

19.-APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO: BASES DE ACCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E O COÑECEMENTO NA PROVINCIA DA CORUÑA.

INTERVENCIONS

Sra. Candocia Pita

Tratarei de ser breve pola situación que nos encontramos neste pleno, pero ben, o tema é, xa o dixen noutra ocasión, complexo e hai que tratalo con bastante demora, de tódolos modos tratarei de ser o máis breve posible.

Para empezar, direi que, ben, para un debate deste tipo non estamos no mellor momento, porque corren aires preelectorais, aínda que non esteamos en campaña preelectoral propiamente dita, e non é o mellor momento para ser capaces de conseguir probablemente un consenso necesario para que a sociedade da información chegue ó nos país nas condicións que debe de chegar.

En primeiro lugar quero poñer de manifesto que para o grupo provincial do BNG, e para o BNG no seu conxunto, a Deputación da Coruña foi unha das poucas Administracións

galegas que fixo e que realmente contribuíu á implantación das tecnoloxías da información, tanto na Administración local como levándoa a veciñas e veciños. É ben certo que isto é un labor que comezou o anterior equipo de goberno da deputación, nun momento en que desde a Xunta non había máis ca unha política deslabazada, e cunha falta de concreción evidente, polo tanto ten case un dobre valor.

Non obstante, tamén hai que dicir que para nosoutros este proxecto ten moitas eibas, que é necesario disipalas para conseguir que entremos de cheo na sociedade da información.

En primeiro lugar, quérome referir ó proceso de normalización lingüística. Hai un incumprimento sistemático da lexislación vixente, que non se salva dicindo que imos ser sensibles e meter a lingua galega na rede ou na sociedade da información e tal; sálvase simplemente cumprindo a lei. E hai unha cuestión que quero pór de manifesto, senón sería unha burla esa declaración que asinamos tódolos grupos porque estaba próximo o 17 de maio, dicindo que a Deputación da provincia da Coruña sería sensible e cumpriría polo tanto. Quero deixar claro que non é unha mania, unha teima, que é algo que se demostra, o web da deputación está integramente en castelán; outro tanto hai que dicir das aplicacións informáticas que se pasan ós concellos, e isto é aínda máis grave porque, non só incumpre a lei senón que frea o desenvolvemento naqueles concellos onde xa optaran por utilizar o galego e que despois o feito de aceptar o paquete informático, que o aceptan, evidentemente, porque lles trae beneficios para o funcionamento da propia Administración, e é lóxico que o acepten, o paquete informático Agora, fai que ó final retrocedan e que Administracións que xa estaban practicamente galeguizadas, retrocedesen e utilizasen para a Administración o uso do castelán como único idioma. Polo tanto, ese é un problema que hai que resolver se se quere que isto empece a funcionar.

E en relación directa con isto, o plan básico que se nos presenta, que fala de moitos documentos, tanto europeos como estatais, non fala de ningún documento galego -non fala porque non existe, non porque non queira falar, desgraciadamente, disto falarei máis adiante-, fala de infinidade de documentos pero non fala nada do programa e-Content, da Unión Europea, que é un programa para sociedades multilingües e multiculturais, no que, entre os seus obxectivos está mellorar o acceso ó uso da información do sector público, reforzar a produción de contidos nun contorno multilingüe e multicultural, e aumentar o dinamismo dos mercados dixitais. Polo tanto, é unha eiba importante que ten este documento, filosófico, porque xa farei logo referencia a que é simplemente un documento que recolle a filosofía da sociedade da información, pero que non fai unha proposta. E respecto a isto, despois da proposta que fixo o grupo provincial do BNG, recóllese tamén que a web vai estar noutras linguas, como o inglés, por suposto que o Bloque Nacionalista Galego non ten nada en contra de que existan un montón de linguas na que se poida optar para entrar na web da deputación; agora si, non nos pase como nos multicines de Cinesa de Compostela, que está todo moi informatizado, podes reservar por medio dunha maquiña, e saber a que películas podes ir dentro de dúas semanas ou tres, etc., etc., pero resulta que o aparato só nos fala en castelán, inglés e catalán. Non teñamos esa esquizofrenia lingüística. Deste tema da lingua non vou falar máis nada, máis nada ca que espero que igual que foron sensibles para recoller que serán sensibles coa lingua, que sexa n sensibles par acatar a lexislación a este respecto.

Quero facer fincapé noutra cuestión que é de gran relevancia que é o tratamento ou a incorporación que se fai da empresa privada, non se favorece o desenvolvemento dos servizos públicos ou empresas privadas relacionadas coas TYC, tecnoloxías de información e comunicación, novas tecnoloxías, como o queiramos chamar. Desde a deputación e desde a Administración Galega en xeral, desgraciadamente, o que se está facendo é retroceder na contratación de empresas galegas, deixando en mans de grandes empresas foráneas. Por exemplo, non esquezamos que empresas de gran envergadura, como Ferrovial, que para facer o seu plan de xestión de coñecemento para as organizacións, que é o mesmo que temos nosoutros co plan de modernización de persoal, aínda que se chame doutra maneira, é exactamente o mesmo, tiveron ó final que recorrer a unha pequena empresa para resolver o problema, despois de pagarlle moitísimos millóns a unha gran empresa foránea, de tipo -non digo que sexa esa-, do tipo de Price Waterhouse ou Anderson Consulting, etc., etc. Hai en Galicia un mercado incipiente importante de pequenas empresas que son capaces de facer o traballo e que a deputación e a Administración Galega en xeral está mostrando unha insensibilidade clara cara a elas. E por outra parte, no que se refire ós postos de traballo, eufemisticamente, case non hai postos de traballo e nembargantes, eufemisticamente, hai un montón do que se vén a chamar agora bolsas, que non deixan de seren postos de traballo encubertos e mal pagados, na maioría dos casos. Polo tanto, é algo que tamén habería que empezar a falar, ou que retomar neste plan do que estamos falando.

Non se utiliza o peso político da deputación nas relacións coa Xunta e non basta dicir, que tamén sei que se recolleu despois de presentar o BNG a nosa proposta, non basta con dicir que nos poñeremos en contacto coa Xunta de Galicia, ou que faremos convenios coa Xunta de Galicia, porque non se trata de facer convenios, nin de coordinarse, non é coordinarse; trátase de participar no Consello Asesor de telecomunicacións e Audiovisuais de Galicia, onde non só teñen que estar as Administracións, senón que tamén teñen que estar os profesionais, ten que estar representada a sociedade civil e, desde ese punto, desde onde se faga unha proposta para que saia dunha vez por todas un plan estratéxico para a sociedade galega de información, cuns obxectivos definidos claros, a corto, medio e longo prazo.

(Abandona o salón o Sr. González Garcés)

Eu quería tamén facer -xa vou rematar-, pero quería dicir tamén que este plan vén a destempo e vén a destempo porque viñeron propostas concretas antes de vir o plan xenérico, e iso en principio é unha cousa que é empezar a casa polo revés ¿non?, vén en concreto unha proposta de aulas informáticas, vén en concreto unha proposta do Plan de modernización de persoal, que é o que os infonomistas coñecen como xestión de coñecemento nas organizacións, que está dentro da sociedade da información, que non se pode ver como desde fóra, entón un documento xenérico que veña despois é algo que, en principio, parece inconcebible, debería ser ó revés: primeiro aprobar o plan básico e despois xa ser cando facemos as propostas concretas, priorizadas, etc., etc. Neste sentido, poñer de manifesto que se fixo xa o convenio coa web da deputación, no que non vou insistir por xa falei bastante o outro día, e ademais na nova proposta que vén a pleno, que é un pouco diferente da do pleno extraordinario sobre este plan básico, están recollidas moitas das cousas que eu dixen, polo tanto non vou seguir insistindo niso, e ademais agradezo que se recolleran.

Polo tanto, ¿agora en concreto sobre o plan básico? É un plan inoportuno. E é inoportuno porque a Xunta de Galicia acaba de anunciar que en setembro se vai intentar sacar adiante o libro branco das comunicacións, polo tanto si se quere participar de cheo, o que se debería de facer era esperar, agardar o momento, participar no consello asesor e estar ahí levando a deputación a proposta de que saia adiante algo dese tipo, parece máis que este plan está en relación con esa campaña de Galicia a punto nas comunicacións, ou nas telecomunicacións, ou nas novas tecnoloxías, como queiran dicilo.

Polo tanto, o que se trae agora a este peno, este documento, mostra un pouco que esperan que ese libro branco non sirva para nada, ou que polo menos non teña ningunha esperanza de que o libro branco vaia saír, que non sexa por prometido ou por cacarexado, porque xa levamos tres ou catro veces esperando a que o libro branco saia, e o libro branco non acaba de ver a luz.

Hai outra cousa: non se fai ningunha referencia, xa o dixen antes, a lexislación galega, e non se fai referencia porque non a hai, e as únicas referencias que hai son lexislación estatal e europea, porque é o único a que se pode acoller un realmente, polo tanto a deputación debería aproveitar o seu peso político para, desde aí, intentar que saia este libro branco e que de verdade haxa un proxecto para o país.

Por último, simplemente quero dicir que a proposta que o BNG presentaba pedía que se retirase este proxecto básico e que se iniciase unha iniciativa coa Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico para a sociedade da información, na que participasen tódolos sectores sociais, e incluso aberto ás achegas da sociedade civil, un gran pacto social porque nos estamos xogando moito con esta sociedade da información, non é ningunha tontería, e depende de cómo entremos imos conseguilo ou non conseguilo. E non estamos pedindo nada raro, porque países como Portugal, ou Quebec, ou algunhas autonomías españolas, como é o caso de Euscadi, Cataluña, e tamén Extremadura, o que xa falei o outro día, bastante, do caso de Extremadura, fixérono dunha forma totalmente distinta do que se está facendo en Galicia, e evidentemente os resultados tamén foron moi diferentes.

Máis nada que dicir, por último, que o BNG non pode aprobar este plan. Eu creo que na miña intervención xustifiquei tecnicamente por que cuestións, políticas ou técnicas, non podemos aprobar este plan. En calquera caso, si recoñecemos que haxa unha apertura, que se nos dera opción a presentar cousas, e que se recollan moitas delas, como de feito se recolleron, pero recolleuse só filosofía; falta un plan no que se digan tempos, no que se diga con que orzamento se vai levar a cabo; noque se diga qué concellos van entrar en cada etapa, noque se especifiquen todos, falta un Pert, incluso, explicando cómo se vai facer cada cousa o que obxectivo se vai quere cumprir. É polo tanto un plan filosófico que podemos compartir, pero non é o plan que necesita a sociedade da información en Galicia neste momento, e polo tanto non podemos votar a favor deste plan, o noso posicionamento vai ser en contra. Gracias.

Sr. Fernández Moreda

Pola présa que expresei e que tiña por terminar o pleno, e que obviamente non ten nada que ver coa comida, prevista para as tres e media, afórrome a intervención e anuncio o voto

favorable a este punto, porque entendemos que é un documento de partida, unha declaración de intencións que para empezar a traballar é válido e compartimos a filosofía que nel se manifesta. Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Agradecemos e sumámonos ás consideracións do Sr. Moreda. Todos queremos transmitirle a nosa condolencia ó noso compañeiro López Crespo polo falecemento da súa nai. Creo que é unha demostración de responsabilidade o estar aquí neste momento. Vou ser especialmente breve.

Teño que dicir, sen que isto sexa unha falta de respecto ó BNG, que non estamos de acordo en absoluto con ningunha das declaracións que formularon. En primeiro lugar, non hai ningún preelectoralismo; hai a necesidade de que a deputación, que ten que traballar na sociedade da información hoxe, formule un plan estratéxico que recolla as ideas básicas, como dicía o Sr. portavoz do partido socialista, trátase dun documento básico que recolle os principios máis importantes que temos que ter. Procuramos o máximo consenso posible; recollemos, na medida en que se nos formularon, aquelas propostas, e en ningún caso ningunha das razóns expostas podemos compartilas, tanto no tema lingüístico, porque si que debe quedar claro que os programas se van desenvolver en galego, como que se utilizan empresas privadas a través do sistema de concurso, e de que nosoutros teñamos que subordinarnos ós plans estratéxicos doutras Administracións, creo que a deputación ten a súa propia responsabilidade na sociedade de información, debe de formular as súas propostas, e desde elas, como é natural, intentar que sexan asumidas polos demais, nunca nun papel secundario, creo que aquí hai unha postura contradictoria por parte do BNG. Non quero seguir porque me parece que non se formularon argumentos, senón posicións que non podemos compartir, e que desde logo nunca un documento básico ten, como tal documento básico, desenvolvementos concretos, nin propostas concretas, nin que concellos, nin que contías, precisamente serán os proxectos que se desenvolven a través del; o que expresa son os camiños sobre os cales a deputación debe ir adiante. Creo os camiños que están expostos neste documento, especialmente a partir da páxina 16, que non vou dicir por esta mesma brevidade e por este mesmo respecto ó noso compañeiro, e a mesma consideración cara a el, expresan claramente o camiño que temos que realizar.

Polo tanto, reafirmarnos na conveniencia deste documento, no dereito lexítimo da deputación a ir formulando iniciativas ás que estaban formuladas xa desde hai un ano xa, de seguilas formulando, e de encadralas neste momento neste plan. Moitas gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 Deputados (15 -PP e 9 -PSOE)

Votan en contra: 4 Deputados (BNG)

Abstéñense: 1 Diputado (PSOE), por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación, art. 74.1 do Regulamento Orgánico.

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto básico (bases de acción da deputación para o desenvolvemento da sociedade de información e o coñecemento na provincia da Coruña).”

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Hai unha moción do Bloque Nacionalista Galego, pode pasar a defendela, Sra. Santiago.

Sra. Santiago López

O noso grupo rogaríalle que, en atención ás circunstancias de hoxe, pasara este asunto a comisión, e renunciaríamos a debater o asunto no pleno, esperaríamos a outra ocasión.

(Abandona o Salón o Sr. López Crespo)

Sr. Presidente

Moitas gracias pola súa moción, Sra. Santiago, e gracias pola súa comprensión e brevidade. Trataremos este tema, que creo que é importante para todos, máis tranquilamente noutro momento. Eu fágolle un ofrecemento: se quere, pode pasar a comisión, precisamente é que hai cousas que están facendo sobre este tema, xa é sa contratación de persoal, pero ben, na comisión daráselle información detallada, pero podemos acordar xa que pase a comisión, e como son moitos puntos os que vostede propón, entón alí traballarase sobre este tema importante para todos.

Sr. Mirás Franqueira

Moi brevemente. É unha pregunta para ver se se vai facer algunha actuación inmediata na estrada C-3302, que vai da Escravitude a San Xoán de Laíño, a cal ten o firme oa capa de rodadura en moi mal estado, entón pois ben, a pregunta é esta: se de inmediato se vai facer algunha actuación nesta estrada.

Sr. Presidente

Pois neste momento, a verdade, non lle podo contestar, non sei se no Plan de conservación hai algo programado uo non, o Sr. delegado informarao, Sr. Pose, ten vostede a palabra.

Sr. Pose Miñones

Moi brevemente, simplemente para dicir que no Plan de conservación si está recollida, e o outro Plan de vías provinciais estase elaborando neste momento, terémolo puntualmente informado.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as trece horas e vinte minutos, redactándose a presente acta, e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.